



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

## SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

### - SALÓN PLENOS CASA DO CONCELLO, 27 DE AGOSTO DE 2020 -

No día de hoxe, ás 20:10 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión ordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE: José Luis García López

ASISTEN:

Miguel Angel Vallo Camba  
M<sup>a</sup> del Carmen Torreiro González  
Manuel Rodríguez Santos  
Aurora Varela Duro

Rafael Rivadulla Varela  
Cristina Castro Pampín  
Jesús Gómez Camino

Xoan Xesús Carril Ramos  
Lucia López Sobrado

Emilio García Vázquez  
Begoña Balado Conde

AUSENCIAS: M<sup>a</sup> del Carmen Fuentes Rios

SECRETARIA: Rebeca Vázquez Vázquez

INTERVENTORA: Gema Leal Insua

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA**:

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

---



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

### 1. APROBACIÓN , SE PROCEDE, DA ACTA DO PLENO EXTRAORDINARIO DE 15 DE XUÑO DE 2020.

De conformidade co preceptuado no artigo 21 do R.O.F. o alcalde pregunta se existe algunha obxección á acta da sesión realizada en data 15 de xuño de 2020 .

Non habendo ningunha obxección a mesma, queda aprobada dita acta por unanimidade dos doce membros presentes.

Pregunta o Sr. Rivadulla Varela (do PP) ¿Que pasou coa acta do pleno de 26 de xuño?

Contesta a secretaria que está pendente de rematar a redacción e revisión por secretaría

### 2. DITAME MODIFICACIÓN PUNTUAL PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL NÚCLEO RURAL IGREXA-SAN SALVADOR

A secretaria da lectura da proposta de acordo, ditaminada favorablemente na Comisión informativa de Asuntos do Pleno e Control de Xestión municipal de data 24/08/2020, no seguinte sentido:

**PRIMEIRO.** Aprobar inicialmente nos termos que obran no expediente, o proxecto de para aprobación inicial modificación puntual PXOM no núcleo da Igrexa San Salvador conforme a documentación elaborada por Estudio Técnico Gallego en abril de 2018.

**SEGUNDO.** Abrir un período de información pública por prazo de dous meses

mediante anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, e dous xornais de maior difusión da provincia de A Coruña ( La Voz de Galicia, El Correo gallego) así como notificar individualmente este acordo a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados .

Durante devandito período quedará o expediente a disposición de calquera que queira examinalo para que se presenten as alegacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [*dirección* <https://sede.concellodearzua.com/opencms/es>]

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

**TERCEIRO.** Solicitar os informes sectoriais que resulten preceptivos de conformidade coa normativa vixente.

**CUARTO.-** Declarar a suspensión dos procedementos de outorgamento de licenzas para os ámbitos afectados cunha duración máxima de dous anos contados dende a aprobación inicial polo pleno suspensión que se extinguirá en calquera caso coa aprobación definitiva. Mentres dure a suspensión de licenzas poderán autorizarse usos e obras provisionais nos termos do artigo 89 da Lei do solo de Galicia.

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

\* O Sr. García Vázquez (de CxG) indicou:

- Que quere facer unhas puntualizacións a certos puntos:

● No informe demográfico calculábase un 30% de aumento de poboación o cal lle parece unha cifra moi elevada, cando a merma da poboación esta a ser por riba do 12%,

● Ábrese unha porta a facer unha revisión do PXOM, e iso ven a ser a apertura da caixa de pandora, poder revisar o PXOM que necesita o Concello.

- Quere preguntar ¿Que pasou co estudo que se fixera xa hai máis dun ano sobre os usos rústicos e forestais, onde cre que se gastaron 12.000 euros, segue avanzando ese proxecto ou como está?

\* A Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) manifestou que votará a favor, é necesario modificar o PXOM aprobado con moitas protestas cando estaba de alcalde Xaquín García Couso.

\* A Sra. López Sobrado (do BNG) indicou:

- Que queren que conste en acta as súas queixas porque unha vez máis non se vai retransmitir o pleno na radio pública municipal, si se están retransmitindo concertos e outras actividades do concello a través das redes sociais e tamén se podería estar retransmitindo este pleno, se non é posible pola radio, por esa outra vía que é unha canle de comunicación do concello, polo menos desa maneira poderíase solventar un pouco o problema que estamos tendo a día de hoxe celebrando os plenos aquí, xa que persoas que queiran asistir como público non asisten pola situación que temos.

- Que vistos os informes emitidos polos distintos órganos dependentes da Xunta de Galicia nos que apuntan como alternativa máis acertada para levar a cabo esta modificación puntual a que se denomina alternativa 1, pois non parece viable que se poida desenvolver a alternativa 2, que é a que os grupos que forman o goberno municipal insisten en manter como proposta.

- Que por outra banda tamén como se nos dixo na comisión informativa, e como acaba de expresar a concelleira do PSdeG-PSOE, que esta modificación facíase porque

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

había que executar a sentenza, e a sentenza en ningún momento ordena facer esta modificación, simplemente elimina do PXOM o que é a delimitación do núcleo rural da Igrexa, como xa todas/os os que estamos aquí sabemos.

- Gustaríalles que se lles aclarase, porque se a excusa é sentenza ¿ En que momento se pretende incorporar ao PXOM, outras cuestións que recolle precisamente esa sentenza, como é o caso por exemplo do sexto andar do edificio da Praza, entre outros?

-Gustaríalles que se explique aquí ¿por que nas condicións de segregación que se establecen unhas particularidade específicas para o núcleo de San Salvador- A Igrexa, que non se corresponden co que se reflicte no PXOM para os núcleos do resto do concello?

-Gustaríalles que se explicase neste pleno, xa que eles teñen formulado esta pregunta en varias ocasións sen que se lles aclarase nada. Se os propietarios/as de cinco parcelas que con esta modificación puntual van a pasar a cambiar de cualificación van ser dannificados, porque esas parcelas pasan a ser de solo rústico e perden valor cando xa o tiñan consolidado ¿Eses propietarios foron informados dalgo disto antes de redactar ningún proxecto?.

- Que dende o BNG non entenden que neste caso non se lles ofertase a veciñanza que poidese presentar as súas propostas, cando si que se fixo como acaba de comentar o concelleiro de CxG coa modificación que se formulou de solo rústico, a que se lle dou moito bombo durante o periodo electoral das municipais ¿Gustaríanos saber en que quedou ese tema, xa que non se volveu a saber nada mais?

- Que polo comentario que fixo a concelleira do PSOE, Sra. Balado Conde, todos/as deberíamos saber que un Plan urbanístico aprobao a Xunta, a última palabra tena a Xunta, cando se aprobou este PXOM quen gobernaba era o PSOE que tiña a carteira de urbanismo na Xunta de Galicia e non considera procedente que se cualifique de nefasto por dita concelleira.

- Que todos/as sabemos que os PXOMS son ferramentas que son modificables e que se teñen que ir adaptando os tempos, a evolución dos concellos e dentro diso o PXOM de Arzúa xa contemplaba unha revisión os 10 anos, e neste momento non se fixo ningunha desas revisións, entre elas por exemplo o desenvolvemento do casco antigo, que sería moi necesario e importante para Arzúa.

- Que na votación deste punto vanse abster, porque entenden que un PXOM ten que adaptarse os tempos, ten que evolucionar, pero non lles parece moi procedente a forma en que se vai facer esta modificación.

\* O Sr. Rivadulla Varela (do PP) indica:

- Que entenden que é un trámite de obrigado cumprimento dalgunha maneira, evidentemente non obriga a facer unha modificación como tal, pero a sentenza dí que anula o PXOM nese punto, e non sería lóxico que ese punto quedara sen ser o único

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

en Arzúa cun Plan Xeral.

- Que das dúas opcións presentadas, son cuestións técnicas da Xunta, concretamente o instituto de estudos do territorio prefería a acción que colle menos superficie, pero o seu grupo cre que un dos problemas que ten o PXOM actual poden ser varios, e podense modificar no futuro. Que teñen o apoio de quen se adica a facer proxectos aquí en Arzúa, arquitectos, enxeñeiros, técnicos e os propios construtores que dinlle que cando reciben demandas para construír en Arzúa non hai moita oferta de solo, o pouco que hai é cero.

- Habería a posibilidade de aumentar a superficie dos núcleos, está situación non sabe se é boa ou non, que se collan as vivendas que quedaron fora do núcleo parécelle ben, pero sería mellor facelo dunha forma mas homoxénea circular, ovalada e coller mais superficie, pero aquí entran cuestións técnicas que eles non poden abarcar porque non están capacitados-

-Que de cara o futuro sería mellor aumentar a superficie dos núcleos para dar acollida a demanda que hai hoxe en día, e que lles trasladan quen se adica a iso, o cal lamentablemente moitas veces non poden atender.

- Que como dicía o concelleiro de CxG, de que baixa a poboación, as veces perdense oportunidades de que veña xente a este concello e sería a posibilidade de que veña mais xente para Arzúa e gañar poboación.

-Que lles gustaría que se fixese unha revisión do plan xeral, xa que xa ten case 12 anos. Debería executarse parte do plan xeral para a apertura de rúas, expropiacións etc...

- Que non hai ningún grupo dos que estamos con representación no Concello que non queira facer modificacións e executar o plan xeral, porque AxA no 2015 no seu programa electoral dicía: "revisar o plan xeral de ordenación municipal, estudamos cada unha das túas propostas, terás a oportunidade de defender as túas necesidades dentro da legalidade, sen discriminacións e segundo o criterio racional e obxectivo". E no ano 2019, referido o cambio de agrícola a forestal "A modificación do PXOM foi unha promesa desta lexislatura e os locais sociais das parroquias recollen xa os mapas nos que se fai un primeiro avance da clasificación... etc...

- Que facer unha revisión do PXOM é necesario e positivo polo tema das licenzas e por outras cuestións, hai que atender as demandas de querer construír no concello, pero se se van atopar co muro de presentar solicitude del licenza e que non se resolvan en tempo e o mais grave que se lles dixo que este ano se estaban poñendo o día.

- Que presentou un escrito que non sabe se se lle vai contestar neste pleno, preguntando cantas licenzas había este ano.

- Que lle sorprende que no Concello se perdan expedientes un do ano 2013, outro do ano 2015 e 16 ou 17 solicitudes de licenza para legalización de terrazas no ano 2017 que nunca se contestaron.

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

---



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

- Que se enteraron dunha solicitude presentada a finais do ano pasado que levou dous meses perdida no concello, a arquitecta encargada do proxecto comunicoulle ao promotor que non lle deran contestación, o promotor preguntou no concello e levaba o expediente perdido no concello dous meses.

- Que destes casos enteranse por casualidade, pero seguramente hai mais, polo que lle parece bastante grave porque se lles prometera que se estaban poñendo as cousas ao día, pero ve que os problemas que veñen do pasado seguense repetindo a día de hoxe, son problemas que se seguen arrastrando e hai xente perxudicada, houbo xente que non puido solicitar o plan de mellora porque non tiñan as licenzas correspondentes

- Que por sorte para o goberno de AxA-PSOE o ano pasado solicitáronse bastantes menos axudas no concello que no 2018, o ano pasado solicitáronse 17 axudas entre plans de incorporación e plans de mellora, seis deses expedientes foron aprobados e os once restantes non foron aprobados, tres non acadaban a puntuación suficiente e o resto si acadaba a puntuación a excepción de un os demais non poideron presentar a licenza de obra.

- Que non sabe porque non teñen acceso os datos deses expedientes, se realmente todos tiñan a xustificación e ao mellor algún metera a pata, esa licenza non foi para adiante, pero en moitos casos si era posible de que o Concello fora o responsable de que esas solicitudes non foran para adiante, simplemente é unha axuda de medio rural, e quen di medio rural di o IGAPE, non atender esas peticións parécelle bastante grave, estamos privando a xente de cumprir os obxectivos deses proxectos que teñen, non sabe se están moi equivocados ou é algo normal, en todos os concellos non chegan a satisfacerse o 100% das peticións de licenzas en menos de 3 meses, pero isto xa lle parece moi grave, non sabe se son os únicos, non sabe se no equipo de goberno o resto dos compañeiros o ve normal, esto de que se perdan expedientes durante anos, ata lle parece raro que alguén non denuncie o concello, porque hai concellos nos que alguén tropeza na beirarrúa e ten un mínimo accidente e demandan o concello, sorte para o concello que a xente non se está metendo niso.

-Cando a xente solicita unha licenza o normal é atendelas, non atendelas é bastante grave.

- Esta moi ben modificar o PXOM para dar cabida a mais solicitudes de obras, pero se non se van atender escusamos facer o plantexamento da modificación puntual do PXOM ou a revisión xeral.

\* O alcalde expón:

-Do que se trata neste punto e tratar unha proposta de modificación, estarán a favor ou en contra, hai informe do redactor que é o mesmo que redactou o plan xeral, hai informe do técnico do concello no que da a súa opinión do por qué a alternativa 2 é a mais favorable.

- Que se ten que dar a súa opinión, el baseariase en dúas cousas: dentro desa

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)





## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

alternativa quedan legalizadas unhas casas que se construíron, non sabe se en todos os casos pero en algún si, entre que se aprobou o plan e saíu a sentenza, e que variou a súa condición e pasaron de estar legais a estar ilegais.

-Por outro lado nesa zona creáronse unha serie de servizos como é o de auga municipal ,saneamento... o concello fixo ahí uns investimentos que ten que rentabilizar. Que se nalgún sito do Concello está medrando a construción e na parroquia de Santa María.

- Que polo que respecta a información dos veciños, van ter tempo suficiente para facer alegacións que consideren ata que isto se aprobe definitivamente, co cal tampouco quedan indefensos, xa non se vai meter noutras temos como no caso que lle fixo o BNG as alegacións que meteron os veciños que están todas sen mirar.

- Que en canto o cambio de rústico a forestal, despois do confinamento tivo unha reunión coa empresa redactora para que elaborara as memorias e a documentación que poidera faltar para remitila a Consellería, o seu traballo está feito, expuxo por dúas veces, informouse a xente, fíxose o traballo e estamos pendentes de que se mande a consellería e as consellerías informen.

- O Sr. Rivadulla Varela quere pedirlle que poña nome e apelidos a todos eses expedientes que di que se perderon e mirárase se ten razón ou non.

- Con respecto as licenzas, diríalle o Sr. Rivadulla Varela que non se quede co que lle di a xente, que se informe no servizo de urbanismo de como funciona, porque se de algo está farto e de ver como lle toman o pelo a xente os técnicos, aquí non quedou ninguén sen subvención por culpa de que non se lle dera licenza no concello aínda que por suposto hai licenzas que están denegadas.

- Que dou orde de saltar a orde de rexistro para atender os expedientes que están con problemas de prazos por algunha subvención; hai licenzas que se denegan por fallos dos técnicos, pon como exemplo o caso dunha no que o técnico veu a formular unha ampliación dunha explotación gandeira enriba dun camiño, a esas cousas chegamos e quere pensar que o propietario non se enterou diso.

- Que non é culpa do concello sempre o de que haxa xente que non poida solicitar as subvencións, é por culpa de que os proxectos fanse mal, e o que non poden pretender despois e que a víspera veñan a pedir os sindicatos que lle solucionen o tema dunha licenza.

- Que recoñece a parte de culpa do concello e xa ten dito os motivos, non toda a exposición que fixo o voceiro do PP é culpa do concello e dos técnicos, mais ben é dos técnicos externos, o problema é que fan proxectos como churros e non miran as cousas básicas da lei que deberían saber.

\* A Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) indica que a consellería non é quen elabora o plan urbanístico do Concello.

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

---



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

\* A Sra. López Sobrado (do BNG) manifesta:

- Que PXOM que temos elaboraronno os técnicos, aprobouse en Pleno e foi a Xunta e a Xunta aprobouno.

- Que o grupo do PP montou unha plataforma que pretendía votar abaixo o PXOM e saíron trasquilados, a sentenza non é favorable o que pretendían e agora hai que actualizado que é o lóxico.

- Que o PXOM é unha ferramenta que se ten que actualizar e que os 10 anos tense que revisar e parécenos estupendo e están dispostos a colaborar en todas as revisións do PXOM que se consideren facer, pero como explicou antes non lle parece pertinente esta modificación, tendo en conta que hai uns informes da Xunta que recomentan outra alternativa, parécelles bastante aventureiro que se estea intentando xustificar esa alternativa 2, pero non van votar en contra, vámonos abster porque teñen estas reservas.

- Que se sae adiante haberá que ver que alegacións formulan os propietarios que saen dannificados e que tiñan consolidada outra cualificación nos seus terreos, obviamente tamén lles preocupan eses propietarios como veciños/as que son, igual que os veciños/as que se lles modifica agora a cualificación.

- Que espera que se resolva da mellor maneira posible e canto menos veciñanza dannificada haxa mellor, esperan que se poida seguir desenvolvendo o PXOM, que poidamos estar falando aquí doutras cuestións como sería o plan especial do casco antigo e outras mais para que Arzúa poida seguir desenvolvéndose urbanisticamente require que o PXOM se desenvolva, así o contempla o propio PXOM.

\* O Sr. Rivadulla Varela (do PP) indica:

- Que respecto a calidade con que presentan os técnicos o seu traballo, entende que non presentan proxectos so no Concello de Arzúa, senón en mais concellos, e non sabe se nos outros concellos tamén teñen problemas.

- Que o que si sabe e que está para contratar o servizo de asesoramento técnico-urbanístico con Estudio Técnico Gallego, e cónstalle que hai bastantes queixas sobre o servizo do técnico/a en cuestión que non responde a calidade dun servizo que supón que ten que ter este concello, refírese a que a normativa que poñen nos informes esta derogada e moitas veces solicitan documentación que xa está presentada.

\* O Alcalde expón:

- Que cando o Sr. Rivadulla Varela diga esas cousas e mellor que traia exemplos, porque deixa quedar mal a un traballador por comentarios dunha persoa, moitas veces sube xente que lle da a versión que lle conta o técnico que non é real, e baixar con esas persoas a urbanismo e entender as cousas.

- Que non e maneira de actuar, se o Sr. Rivadulla Varela ten esas queixas ten que ir

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)





## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

falar coa técnico/a antes de dicir estas cousas no pleno, noutras cousas non se aventura tanto pero neste tema si, porque o padece todos os días, porque moitas veces cita o propietario e ao seu técnico para ter unha reunión coa secretaria e a arquitecta e non aparecen, por algo será, pídelle o Sr. Rivadulla Varela que mire ben esas queixas antes de traelas ao Pleno.

O Sr. Rivadulla Varela manifesta que non quere dicir que o cen por cen lle conten a verdade pero as queixas veñen da Xunta e de mais dun cargo, que o falar directamente co persoal de aquí o nivel é moi baixo en resolución de dúbidas, había que encargarse da calidade do servizo.

- Que chama a atención a tardanza nesta modificación puntual, porque a resposta da Xunta foi de agosto de 2019, o proxecto de modificación en maio 2019, non sabe como se tardou tanto en darlle continuidade a este expediente porque a providencia do alcalde e o informe do arquitecto municipal foi de maio de 2019.

\* O Alcalde expón:

-Os informes están ahí e a súa decisión de traer esta modificación está explicada, baseada no que xa dixo.

- O primeiro dannificado sería o Concello se non se fixera así, sobre todo por eses cartos que se investiran en crear uns servizos, que de non levarse a cabo esta modificación quedarían mortos.

- Que moita xente que estivo metida na plataforma protestou moito porque non lle chegaban as alturas dos edificios que se pretendían construír, agora están reclamando que se modifique o PXOM para que se lle cambie para vivenda unifamiliar.

- Que as cousas van cambiando, non cre que o PXOM estea tan mal, houbo moitas protestas, pero o normal en calquera PXOM que se aprobe, as cousas cambiaron moito pola crise económica e o que era bo no seu momento cando se aprobou o PXOM agora non é tan bo.

- Que deixou claro cales eran as súas pretensións no referente o PXOM: o paso de rústico a forestal, este punto que se trae hoxe o pleno, o tema da Calxa, e mirar se se pode abrir a man se agora a demanda é a vivenda unifamiliar, o resto terao que mirar o seguinte alcalde que veña.

- Que o que se cambie vaia ben feito e non intentar abarcar o inabarcable.

Tras o exposto o Sr. Alcalde someteu a votación este punto, por maioría con 10 votos a favor ( 5 dos concelleiros/as do grupo municipal de Alternativa por Arzúa , 1 da concelleira do grupo municipal do PSdG-PSOE , 3 do PP e 1 de CxG) e con 2 abstencións do BNG , o Pleno municipal **ACORDOU:**

**PRIMEIRO.** Aprobado inicialmente nos termos que obran no expediente, o proxecto de

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

para aprobación inicial modificación puntual PXOM no núcleo da Igrexa-San Salvador conforme a documentación elaborada por Estudio Técnico Gallego en abril de 2018.

**SEGUNDO.** Abrir un período de información pública por prazo de dous meses mediante anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, e dous xornais de maior difusión da provincia de A Coruña ( La Voz de Galicia, El Correo Gallego) así como notificar individualmente este acordo a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados .

Durante devandito período quedará o expediente a disposición de calquera que queira examinalo para que se presenten as alegacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [dirección <https://sede.concellodearzua.com/opencms/es>

**TERCEIRO.** Solicitar os informes sectoriais que resulten preceptivos de conformidade coa normativa vixente.

**CUARTO.-** Declarar a suspensión dos procedementos de outorgamento de licenzas para os ámbitos afectados cunha duración máxima de dous anos contados dende a aprobación inicial polo pleno suspensión que se extinguirá en calquera caso coa aprobación definitiva. Mentres dure a suspensión de licenzas poderán autorizarse usos e obras provisionais nos termos do artigo 89 da Lei do Solo de Galicia.

### 3. DITAME APROBACIÓN MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA SUPLEMENTO DE CRÉDITO 2/2020

A secretaria da lectura a seguinte proposta de acordo, ditaminada favorablemente na Comisión de Contas e de economía e facenda de data 24/08/2020, no seguinte sentido:

**Primeiro:** Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito mediante suplmento de crédito co núm. de expediente 2/2020 SC, condicionando a aprobación da dita modificación a incorporación ao expediente da documentación que se esixe na disposición adicional decimosexta do TRLFL, para que quede garantido o carácter de investimento financeiramente sustentable das actuacións:

- Aprobación de dotación de suplmento de crédito na aplicación orzamentaria que se sinala deseguido, por importe total de 38.711,26 euros.

APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS NAS QUE DOTAR CRÉDITO	IMPORTE A DOTAR.
---	------------------

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

1722 609 00: Outros investimentos de mellora en infraestruturas para outras actuacións de protección e mellora do medio ambiente	38.711,26 euros
Total	38.711,26
<b>Financiamento procedente de RTGX</b>	
FINANCIAMENTO	RTGX
870 00 Remanente de Tesourería para gastos xerais	38.711,26 euros.

-Expoñer ao público dito expediente durante 15 días mediante a publicación de anuncios no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro municipal de edictos.

**Segundo.-** Toda vez as actuacións que se pretende financiar considéranse investimentos financeiramente sustentables, visto o informe elaborado pola interventora municipal, toda vez non existen documentos técnicos nin informes, nin memorias económicas que avalen dito carácter, aos efectos de completar o expediente que se require na disposición adicional decimosexta do TRLFL, condicionada a aprobación a que quede avalado este carácter, coa incorporación da documentación preceptiva.

**Terceiro.-** Publicar, unha vez aprobada a modificación, sendo cumprido o condicionante, un resumo a nivel de capítulos no taboleiro municipal de edictos e no Boletín Oficial da Provincial.

**Cuarto.-** Simultaneamente ao envío do anuncio a publicar anterior, remitir copia do expediente á Comunidade Autónoma e Administración Estatal.

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

\* A Sra. López Sobrado do BNG indicou:

- Que consideran que o Concello de Arzúa debería ter un orzamento do ano 2020 xa aprobado, e non estar constantemente facendo remendos, esperamos que para o ano 2021 poidamos contar un orzamento que se aprobe a finais deste ano como procedería.
- Que lles parece un pouco caótica a providencia da alcaldía na que se mesturan moitas cousas dende un plan de reactivación do comercio local ata a incorporación o Plan Provincial PEL reactiva, arranxo na ferverza das Hortas, Castro Curbin, cada unha desas cousas deberían ir a un debate por separado.
- Que non lles parece moi ambiciosa esa proposta, porque hai moito que facer pero non se van opoñer a que se aprobe esta proposta polo que vanse abster.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

- Que piden que canto antes se poida elaborar un plan de reactivación da economía local, non só do comercio no amplo sentido, e que se conte con todos os sectores implicados, que se conte coa oposición, nos tempos en que estamos é o que demanda.

\* O Sr. Rivadulla Varela do PP, manifesta:

- Que volven a recalcar as mesmas preguntas que fixeron na comisión de contas que ían dirixidas a concelleira do PSOE, que aquel día non puido estar en dita comisión , as cales eran:

- ¿ en que consistía a marca Arzúa?,

- o tema dos sendeiros que se ían recuperar e facer unha promoción dos mesmos, eso enlazaba co tema da ferverza das hortas, e facer alí unha modificación, empedrado e o tema da sinalización pero non se daban detalles.

-o tema dos cartos do remanente, como se concretaban eses 70.000 euros en axudas para o tema do comercio ¿sábese se hai algunha novidade e se está contemplado algún tipo de dotación de cara o ano 2021?

- Que non sabe se haberá orzamentos ou non, a intención como se dixo é iso pero non sabe se se vai materializar.

\* A Sra. Balado Conde (PSdeG-PSOE) contesta:

-.Que na ferverza das Hortas van ampliar a pasarela de madeira e facer unhas reformas, porque está un pouco intransitable.

- Que están co proxecto da ruta de sendeirismo que inclúe tanto ruta das Hortas como limpeza e acondicionamento Fonte Santa

- Que Castro Curbín xa se fixo unha memoria no mes de decembro para un proxecto para ensalzalo, dende a Xunta dou unha subvención pero outra parte tamén a tivo que poñer o concello, trátase dunha acción turística importante.

- Estamos co tema da marca Arzúa, en vindeiras datas vaise presentar, o importe é de 72.000 euros tamén vai incluído a ruta do queixo, activar a marca Arzúa e potenciar o noso queixo, realizar actividades con plans para activar o turismo en Arzúa.

\* O Sr. Rivadulla Varela (do PP) indica que se no proxecto de Castro Curbin tense previsto facer algún estudio arqueolóxico.

\* A Sra. Balado Conde (do PsdeG-PSOE) manifesta, que o proxecto non plantea un estudio arqueolóxico, co tempo farase porque consideran que é importante a nivel turístico, agora mesmo a partida da que estamos falando vai so adicada ao adecentamento e acondicionamento de Castro Curbín.

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

\* O alcalde manifesta:

- Que insistides no plan de reactivación económica, e gustaríalle que trouxeran algunha proposta dalgún dos concellos nos que goberna tanto o BNG como o PP de plans de reactivación económica, o PP en moitos concellos o que fixo foi dar unha subvención os comercios de 200 euros, 400 euros, para el iso non é un plan.
- Que o plan non ten que ser concretamente para estes meses, haberá que facer mais de un, porque sería un pouco temerario facer un plan con vistas ao 2021.
- Que prudencia dille que espere a ver como quedan as contas para o 2021, para ver o que se pode facer. Agora mesmo durante este ano, o que se está facendo é como xa se falou nas comisións de seguimento, un plan de turismo baseado en catro cousas que nos definen turisticamente, que son: o camiño francés, cando se trate a moción do PP, falará mais en profundidade do que se esta facendo, ruta senderimo fervenza das Hortas, queixo e patrocinio con respecto a Castro Curbín.
- Que se vai ir vendo como van as cousas, e segundo vaian aportarse todo o que se poida aportar, que mais ben é pouco, pola situación dos concellos que se tratará nunha moción.

Tras o exposto o Sr. Alcalde someteu a votación este punto, por 6 votos a favor ( 5 dos concelleiros/as do grupo municipal de Alternativa por Arzúa ,1 da concelleira do grupo municipal do PSdG-PSOE ), con 6 abstencións (1 do concelleiro de CxG , 2 concelleiros/as do grupo municipal do BNG e 3 do PP ), o Pleno municipal **ACORDOU:**

**PRIMEIRO:** Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito mediante suplemento de crédito co núm. de expediente 2/2020 SC, condicionando a aprobación da dita modificación a incorporación ao expediente da documentación que se esixe na disposición adicional decimosesta do TRLFL, para que quede garantido o carácter de investimento financeiramente sustentable das actuacións:

- Aprobación de dotación de suplemento de crédito na aplicación orzamentaria que se sinala deseguido, por importe total de 38.711,26 euros.

APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS NAS QUE DOTAR CRÉDITO	IMPORTE A DOTAR.
1722 609 00: Outros investimentos de mellora en infraestruturas para outras actuacións de protección e mellora do medio ambiente	38.711,26 euros
Total	38.711,26

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

### Financiamento procedente de RTGX

FINANCIAMENTO	RTGX
870 00 Remanente de Tesourería para gastos xerais	38.711,26 euros.

**SEGUNDO.-** Expoñer ao público dito expediente durante 15 días mediante a publicación de anuncios no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro municipal de edictos.

**TERCEIRO.-** Simultaneamente ao envío do anuncio a publicar anterior, remitir copia do expediente á Comunidade Autónoma e Administración Estatal.

## 4. DITAME APROBACIÓN PLAN ECONÓMICO FINANCEIRO 2020-2021.

A secretaria da lectura a seguinte proposta de acordo, ditaminada favorablemente na Comisión de Contas e de economía e facenda de data 24/08/2020, no seguinte sentido:

**PRIMEIRO.-** Aprobar o Plan Económico-Financeiro da Entidade Local seguinte:

**PLAN ECONÓMICO FINANCEIRO DO CONCELLO DE ARZÚA PARA O PERÍODO 2020-2021**  
**EXpte TEDEC: 2020/X999/000078**

### I. INTRODUCCIÓN

O artigo 3 da Lei orgánica 2/2012 regula, con carácter xeral, o principio de estabilidade orzamentaria, e ven a establecer que “a elaboración, aprobación e execución dos orzamentos que afecten aos gastos ou ingresos dos distintos suxeitos comprendidos no ámbito de aplicación desta Lei realizarase nun marco de estabilidade orzamentaria, coherente coa normativa europea”. E defínese a estabilidade orzamentaria das administracións públicas como a situación de equilibrio ou superávit estrutural.

O artigo 11 desta norma, ven a instrumentar tal principio de estabilidade orzamentaria ao fixar que tanto a elaboración, como a aprobación e a execución dos orzamentos e demais actuacións que afecten aos gastos ou ingresos das administracións públicas someteranse ao principio de estabilidade orzamentaria. E o artigo 12 adicado á regra de gasto, fixa cómo a variación do gasto computable das corporacións locais non poderá superar a taxa de

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



referencia do crecemento do PIB de medio prazo da economía española.

Non obstante, cando exista un desequilibrio estrutural nas contas públicas ou unha débeda pública superior ao obxectivo establecido, o crecemento do gasto público computable axustarase á senda establecida nos respectivos plans económico-financeiros e de reequilibrio previstos nos artigos 21 e 22 da LOEPSF.

Así, o artigo 21 da Lei orgánica 2/2012, modificado pola Lei orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, indica que en caso de incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, do obxectivo de débeda pública ou da regra de gasto, a Administración incumplidora formulará un plan económico-financeiro que permita no ano en curso e no seguinte o cumprimento dos obxectivos ou da regra de gasto, co contido e alcance previstos neste artigo.

En base ao disposto no artigo 12 da LOEPSF, nos seus apartados 2 e 3, relativos á definición de gasto computable e á competencia do Ministerio de Economía e Competitividade para calcular a taxa de referencia do crecemento do PIB de medio prazo para a economía española, de acordo coa metodoloxía empregada pola Comisión Europea en aplicación da súa normativa, tal taxa será obxecto de publicación e será a referencia a ter en conta polas corporacións locais na elaboración dos seus respectivos orzamentos.

Centrándonos xa no límite da regra de gasto, cómpre sinalar que para o conxunto das administracións públicas, A TAXA DE REFERENCIA a ter en conta para o ano 2019, a efectos de calcular a regra de gasto, foi do 2,7. Esta taxa situouse no 2,9 para o exercicio 2020 e o 3 no 2021, segundo o acordo adoptado polo Consello de Ministros o día 11.02.2020, e polo cal se fixan os obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública para o conxunto das administracións públicas.

Así as cousas, e con motivo da elaboración e aprobación da liquidación do exercicio 2019 a intervención municipal levou a cabo a emisión dos informes correspondentes ao cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, da regra de gasto e do límite de débeda. E de tales informes conclúese o seguinte:

- O Concello de Arzúa cumpre co límite da débeda.
- O Concello de Arzúa cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria, e de feito presenta un superávit por importe de 357.292,53 €, capacidade de financiamento, dende o punto de vista non financeiro.
- O Concello de Arzúa incumpe o límite da regra de gasto nun importe de 301.738,74 €. Isto tendo en conta os axustes feitos pola Intervención municipal e que fan que o límite do gasto computable para dar cumprimento á regra de gasto fose de 3.664.386,16 €, sendo o gasto computable que se deriva da liquidación do orzamento para o exercicio 2019 de **3.966.124,90 €**

En consecuencia, e ante tal incumprimento, a aplicación da Lei orgánica 2/2012, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira fai necesario a elaboración dun plan económico financeiro que lle permita ao Concello recuperar a situación de equilibrio, como máximo, a 31 de decembro de 2021; é dicir, con ocasión da liquidación do exercicio 2021.

A nota explicativa da reforma local publicada polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas establece ao respecto que os plans económicos financeiros, que teñen que valorar a aplicabilidade das medidas establecidas no artigo 116 bis da LBRL; en concreto indica: *“En definitiva, cabe reiterar lo antes expuesto, que son medidas que deben valorarse, y su valoración incluirse en el plan económico financiero, sin que todas se deban aplicar en todos*



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

*y cada uno de los supuestos de incumplimiento de las reglas fiscales que han motivado la elaboración de dicho plan, ya que habrá que estar a la situación financiera y al incumplimiento que se debe corregir”.*

O respecto conclúese que, dado que as magnitudes económico financeiras (estabilidade orzamentaria, superávit, remanente de tesourería positivo, cumprimento do período medio de pago, cumprimento do nivel de débeda) de este Concello demostran unha boa situación económica, non é necesario aplicar ningunha das medidas establecidas no mencionado artigo 116 bis da LBRL.

## II. PROCEDEMENTO PARA A ELABORACIÓN E APROBACIÓN DO PLAN ECONÓMICO FINANCEIRO

Segundo o previsto no artigo 23 da LOEPSF os plans económico financeiros elaborados polas corporacións locais deberán ser aprobados polo Pleno municipal, tendo en conta a aplicación do seguinte calendario:

- 1.º. O plan ten que ser presentado ante o Pleno municipal no prazo máximo dun mes dende que se constate o incumprimento.
- 2.º. O plan deberá ser aprobado polo Pleno municipal no prazo máximo de dous meses dende a súa presentación.
- 3.º. A posta en marcha do plan non poderá exceder de tres meses dende a constatación do incumprimento.
- 4.º. O plan deberá ser remitido á Comunidade Autónoma (no caso deste Concello á Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro).
- 5.º. O plan deberá ser tamén remitido á Comisión Nacional da Administración Local para o seu coñecemento.
- 6.º. A este plan haberá que darlle a mesma publicidade que a establecida polas leis para os orzamentos da entidade.

## III. CONTIDO DO PLAN ECONÓMICO FINANCEIRO

Segundo o artigo 21 da LOEPSF, o plan económico financeiro conterá, como mínimo, a seguinte información:

- a) As causas do incumprimento do obxectivo de establecido ou, no seu caso, do incumprimento da regra de gasto.
- b) As previsións tendenciais de ingresos e gastos, baixo o suposto de que non se producen cambios nas políticas fiscais e de gastos.
- c) A descrición, cuantificación e o calendario de aplicación das medidas incluídas no plan, sinalando as partidas orzamentarias ou rexistros extraorzamentarios nos que se contabilizarán.
- d) As previsións das variables económicas e orzamentarias das que parte o plan, así como os supostos sobre os que se basean estas previsións, en consonancia co contemplado no informe ao que se fai referencia no apartado 5 do artigo 15.
- e) Unha análise de sensibilidade considerando escenarios económicos alternativos.

Como xa se fixo referencia, a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local incluíu un novo artigo 116.bis na Lei de bases de réxime local que no seu apartado segundo ven a establecer o contido adicional que o plan debe presentar, por canto que deberá tamén incluír a lo menos algunha das seguintes

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

medidas:

- a) Supresión das competencias que exerza a entidade local que sexan distintas das propias e das exercidas por delegación.
- b) Xestión integrada ou coordinada dos servizos obrigatorios que presta a Entidade Local para reducir custes.
- c) Incremento de ingresos para financiar os servizos obrigatorios que presta a Entidade Local para reducir os seus custes.
- d) Racionalización organizativa.
- e) Supresión de entidades de ámbito territorial inferior ao municipio que, no exercicio orzamentario inmediato anterior, incumpran co obxectivo de estabilidade orzamentaria ou co obxectivo de débeda pública ou que o período medio de pago a provedores supere en máis de trinta días o prazo máximo previsto na normativa de morosidade.
- f) Unha proposta de fusión cun municipio colindante da mesma provincia.

### III.1) HORIZONTE TEMPORAL DO PLAN

O obxectivo deste Plan económico financeiro é lograr o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e da regra de gasto no ano 2021, como data máxima o 31/12/2021, en cumprimento do que se establece no artigo 21.1 LOEOSF cando establece literalmente que “En caso de incumplimiento del objetivo de estabilidad presupuestaria, del objetivo de deuda pública o de la regla de gasto, la Administración incumplidora formulará un plan económico-financiero que permita en el año en curso y el siguiente el cumplimiento de los objetivos o de la regla de gasto (...)”.

### III. 2) ÁMBITO SUBJECTIVO DO PLAN

**A.** Axentes que constitúen a administración local, segundo establece o artigo 2.1 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira (LOEOSF) (“Corporaciones Locales” en Contabilidade Nacional):

Entidade local: Concello de Arzúa

Organismos autónomos: ningún.

Entes públicos dependentes que presten servizos ou produzan bens que non se financian maioritariamente con ingresos comerciais: ningún.

**B.** Resto de unidades, sociedades e entes dependentes das entidades locais en virtude do artigo 2.2 da LOEOSF, entendendo o concepto ingreso comercial no termos do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (SEC 95).

Sociedade Mercantil: ningunha.

### III. 3) CAUSAS DO INCUMPRIMENTO DA REGRA DE GASTO (artigo 21.2 a) da LOEOSF)

No informe emitido pola Intervención Municipal, sobre o cumprimento da regra de gasto na fase de liquidación do exercicio 2019 ponse de manifesto o seguinte:

	LIQUIDACIÓN 2019
--	------------------

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CALCULO DA REGRA DE GASTO (art. 12 Lei Orgánica 2/2012)		
1.SUMA EMPREGOS NON FINANCEIROS		5.746.597,63
2.Xuros da débeda e xuros de demora		0,00
3.Gastos financiados con ingresos finalistas		-1.598.976,25
4.AXUSTES SEC 2010 en gastos		-43.170,55
5.GASTO INVERSIÓN FINANCEIRAMENTE SOSTIBLE		-138.325,93
GASTO COMPUTABLE LIQUIDACIÓN 2019 (1-2-3+4-5)		<b>3.966.124,90</b>
<b>GASTO COMPUTABLE 2019 INCREMENT. 2,7%</b>	3.630.792,23	
Incremento permanente de recaudacion en 2019	33593,93	
TOTAL LIMITE GASTO COMPUTABLE		3664386,16
<b>CUMPLE COA REGLA DE GASTO</b>	<b>NON</b>	
<b>DIFERENCIA CON LIMITE GASTO COMPUTABLE</b>		<b>301.738,74</b>

Detalle de inversións financieramente sostenibles (DA6 LO 9/2013):

Descripción IFS	Aplicación económica	Grupo de Programa de gasto	Estimación de Obrigas recoñecidas netas a 31/12/2019 financiadas con cargo ao superávit do 2017	Estimación de Obrigas recoñecidas netas a 31/12/2019 financiadas con cargo ao superávit do 2018
Importe Total			0,00	-138.325,93
ADQUISICION FINCAS PARROQUIA FIGUEROA	93360000	933	0,00	-5.925,15
PAVIMENTACION RUA REGO DA RAÑA	153261901	153	0,00	-7.446,16
PAVIMENTACION RUAS NUCLEO URBANO ARZUA	153261901	153	0,00	-30.039,94
ACONDICIONAMENTO APARCADOIRO VITIRIZ	153261901	153	0,00	-13.317,64
MELLORAS LOCAL SOCIAL PANTIÑOBRE	93363203	933	0,00	-17.085,04
SUSTITUCION REDE DE AUGA EN O VISO	16161901	161	0,00	-12.226,19
REPARACION BEIRARRÚA SANTA	153261901	153	0,00	-29.540,62

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

MARAI				
RENOVACION REDE DE MANANCIAS EN REGO DE RENDAL	16161901	161	0,00	-22.745,19

Desglose dos gastos financiados por outras AAPP:

DEPUTACIÓN	1.164.179,68
ESTADO	1.791,14
XUNTA	433.005,43
	1.598.976,25

Axustes SEC 2010 en gastos:

Gastos pendentes de aplicar ao orzamento (saldo final conta 4130 )	-35.768,19
Outros: gastos imputados ao 2019 devengados no 2018 que non forman parte do saldo inicial da conta (4130)	121.485,80
Outros: gastos devengados no 2019 que non forman parte do saldo final da conta (4130)	-42.547,06
<b>Total axustes gastos ao orzamento</b>	<b>43.170,55</b>

O limite da regra de gasto menos o gasto computable do 2019 da un resultado negativo en -301.738,74 €, polo que o incremento da porcentaxe de gasto computable do 2019 sobre o 2018 é de 12,19%.

No 2019 incrementáronse os créditos iniciais de maneira substancial pola modificación orzamentaria financiada con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais por importe de 644.986,24 €. Parte do crédito executouse e parte non. Parte do crédito executado non computa na regra de gasto por ser destinado a investimentos financeiramente sustentables (138.325,93 €), pero parte do executado fixo incurrir en incumprimento da regra de gasto por non poder excluírse do seu cómputo.

Do análise da información anterior desprendese que as causas que levaron a este Concello a incumprir a regra de gasto son as se indica:

1.- As obrigas financiadas con remanente de tesourería.

Atendendo a criterios orzamentarios, a Orde EHA 3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais (modificada pola Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo), dispón que as aplicacións ao orzamento de ingresos contidos no remanente de tesouraría recolléranse, ao longo do exercicio, no capítulo 8 do orzamento de ingresos de cada entidade local, sen que en ningún caso poidan formar parte os créditos iniciais do orzamento.

Considerando o exposto, o remanente de tesourería configurase como un ingreso financeiro cuxa utilización esixe a tramitación dun expediente de modificación orzamentaria para destinalo a financiación de novos gastos de forma que, cando financian gastos de carácter



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

non financeiro poderá dar lugar a un incumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e do límite fixado pola regra de gasto.

O remanente de tesourería, aínda cando se configura contablemente como un activo financeiro, pola súa natureza identifícase como un aforro que vai xerando unha entidade local cada exercicio como consecuencia do desfase entre a execución de uns ingresos orzamentarios e as obrigas recoñecidas as que están afectando de forma tal que ese aforro haberá de ser utilizado como fonte de financiamento das obrigas de exercicios posteriores a aquel no que se obtivo. En consecuencia, a súa utilización non determina unha situación de déficit estrutural. E mais, debería de identificarse con unha situación de superávit orzamentario no momento da liquidación do orzamento, xa que o remanente de tesourería é froito do aforro orzamentario que permitirá a Entidade Local o financiamento de parte dos gastos de outros exercicios sen necesidade de acudir aos ingresos non financeiros do exercicio nin a obtención dos recursos financeiros aportados por terceiros.

2.- No caso deste Concello a situación de superávit orzamentario evidenciase no resultado orzamentario do 2018, que se cifra, unha vez axustado polas desviacións do exercicio en 594.520,32 e no 2019 en 537.258,07 €.

Así como tamén no remanente de tesourería para gastos xerais, que no 2018 foi de 615.326,86 e no 2019 de 938.043,40 €, o que pon de manifesto unha capacidade de financiamento elevada.

3.- Sentada a natureza do remanente de tesourería cabe entender que os seus efectos sobre a situación económico financeira de unha entidade local en nada coinciden cos derivados de outros recursos financeiros que esixen un reembolso das cantidades recibidas e por eso parece lóxico que o tipo de medidas a implementar no plan económico financeiro deban acomodarse a situación descrita.

Estas modificacións contribuíron o incumprimento da regra de gasto supoñendo un aumento do gasto computable por encima do teito de gasto que tiña; o Concello cumpre con todas as regras, de non ter débeda bancaria nin pendente de pago a provedores na conta 4130, o que lle permitiu utilizar eses novos ou maiores ingresos sen poñer en risco a súa capacidade de financiamento, se ben incumpre o teito de gasto por suposto ao facer uso de eles,ponse de manifesto tamén que o incumprimento deste Concello non é estrutural senón algo puntual, que non require a adopción de medidas no PEF que se tramita.

Sobre a base do exposto, cabe afirmar que o mantemento do cumprimento do obxectivo da regra de gasto, incumplido pola utilización do remanente de tesourería, lograríase coa simple aprobación do orzamento deste exercicio (dado que estamos en prorrogado), seguindo o límite de variación do gasto computable, sen necesidade de medida estrutural algunha dada a natureza do remanente de tesourería no ámbito da Administración Local, e a súa execución mantendo o teito de gasto máximo que derivaría da aplicación do límite máximo que derivaría para o exercicio 2020 e 2021.

Neste contexto, a entidade local deberá elaborar e aprobar un plan económico financeiro que se limite a expor o orixe do desequilibrio en termos de contabilidade nacional e a recoller aquela medida.

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)





## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

### III. 4) PREVISIÓNS TENDENCIAIS DE INGRESOS E GASTOS (artigo 21.2 b) da LOESF) (DE ACORDO CO MODELO DE PEF DA PLATAFORMA DO ESTADO)

#### III.4.1.PREVISIÓNS DA REGRA DE GASTO

##### A) REGRA DE GASTO 2020

Unha vez coñecido o gasto computable que se realizou efectivamente no 2019 (A), pode calcularse cal é o límite do gasto para o exercicio 2020 (columna C), aplicando ao mesmo a taxa de variación é do 2,90 % resultante do acordo do Consello de Ministros que aprobou os obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública para o período.

Non se teñen en conta incrementos ou minoracións de recadación permanentes derivados de cambios normativos, ao operar baixo o suposto de que non se producen cambios nas políticas fiscais.

Tal e como se resume na seguinte táboa o límite de gasto para este exercicio 2020 será:

Entidad	Gasto computable liquidación 2019 - IFS liquidación 2019 (A)	Tasa de referencia 2020 (2,9 %) (B)	Limite de gasto para 2020 (A+B) (C)
Concello	3.827.798,97	111.006,17	3.938.805,14

O importe do gasto previsto non financeiro a 31/12/2020 e a previsión do axuste por fondos finalistas previstos para o 2020, basease nos datos de execución de exercicios anteriores e estimación de execución do último trimestre, en función das porcentaxes de execución do orzamento nos últimos anos e das variacións que no orzamento deste ano, por subidas salariais dos traballadores e variacións nalgúns servizos; tendo en conta ademais a utilización de remanente líquido de tesourería para gastos xerais resultante da liquidación do ano 2019 para financiar incorporación de remanentes, e outras posibles modificacións, como suplementos de crédito ou créditos extraordinarios

	Gasto non financeiro previsto a 31/12/2020 (estimación de ORN) (D)	Previsión de axuste por fondos finalistas previstos para 2020 (E)	Gasto non financeiro axustado ao previsto a 31/12/2020 (D-E) (G)
Concello	5.938.805,14	2.000.000	3.938.805,14

A entidade cumpre a regra de gasto, dado que o límite é de 3.938.805,14.

##### B) REGRA DE GASTO PARA 2021

O límite da regra de gasto para o exercicio 2021 calcúlase aplicando ao gasto previsto no 2020 (I) a taxa de variación do 3 %, última aprobada, é será de 4.056.969,29 .

Entidad	Gasto computable liquidación 2020 - IFS	Tasa de referencia 2021 (3 %) (B)	Limite de gasto para 2021 (A+B) (C)
---------	---	-----------------------------------	-------------------------------------

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

	liquidación 2020 (A)		
Concello	3.938.805,14	118.164,15	4.056.969,29

A previsión de obrigas recoñecidas netas (gasto non financeiro) para 2021, establécese igualmente para esgotar o límite de gasto resultante para ese ano, contando coa posibilidade de utilizar o posible remanente líquido de tesourería para gastos xerais que resulte da liquidación do exercicio 2020 e a vista da execución dos últimos anos, a situación de crise económica derivada da pandemia, probablemente determinará unha redución dos ingresos recoñecidos e recaudados, así como os importes das transferencias non finalistas que se perciben como participación en tributos, tanto do Estado como da Comunidade Autónoma, pero estímase que tamén a aportación de axudas doutras Administracións de carácter finalista, para tratar de minorar os efectos da crisis

	Gasto non financeiro previsto a 31/12/2021 (estimación de ORN) (D)	Previsión de axuste por fondos finalistas previstos para 2021 (E)	Gasto non financeiro axustado ao previsto a 31/12/2021 (D-E) (G)
Concello	6.056.969,29	2.000.000	4.056.969,29

A entidade cumpre a regra de gasto en dado que o límite é dese importe.

### III.4.2 PREVISIÓNS DA ESTABILIDADE ORZAMENTARIA

#### A) ESTABILIDADE ORZAMENTARIA 2020.

A previsión de dereitos recoñecidos netos a 31/12/2020 efectúase, aplicando criterios de prudencia, en termos constantes cos dereitos recoñecidos en ingresos non financeiros en 2019, e tendo en conta a execución actual de execución do orzamento de ingresos. Téñase en conta a situación actual de crise sanitaria determinou a suspensión de prazos de tramitación de expedientes, adopción de medidas de flexibilización fiscal, que determinaron a suspensión dos prazos de cobramento de tributos e outros ingresos de dereito público, así como a adopción da suspensión da aplicación de determinados tributos elo determina que neste exercicio 2020 poidan reducirse os ingresos previstos polos diferentes conceptos de ingresos, pero dada a delegación da xestión tributaria e recadatoria dos principais tributos na Deputación Provincial, e o sistema de ingreso de anticipos a conta en base aos importes recadados na anualidade anterior, neste exercicio a diminución de ingresos estímase pouco significativa nos principais tributos, en referencia ás previsións do orzamento prorrogado, a redución da porcentaxe de recadación somentes será perceptible no momento que se aprobe a liquidación definitiva do exercicio 2020, que non se producirá ata entrado o 2021. Fruto da suspensión da tramitación de expedientes tributarios, ampliación de prazos de alegación, ou incluso da variación dos calendarios fiscais, suspensión de procedementos de apremio, suponse que a redución dos ingresos que se percibirán serán os correspondentes a liquidacións de ingreso directo e executiva a partires do segundo trimestre, polo tanto este ano 2020, o importe de superávit redúcese ao mero cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria.

Tendo en conta a estimación de obrigas recoñecidas netas de gasto computable do apartado anterior, pero engadindo a previsión de obrigas recoñecidas con fondos finalistas (que non

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

computan a efectos de regra de gasto, pero si a efectos de estabilidade orzamentaria), así como unha media de axustes SEC dos últimos anos, prevese o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, os ditos axustes tenden a 0:

Ingreso non financeiro previsto	Gasto non financeiro previsto	Axustes SEC	Capacidade/necesidade de financiamento
5.950.000,00	5.938.805,14	-11.100,00	94,86 €

### B) ESTABILIDADE ORZAMENTARIA 2021.

Cunha previsión de recoñecementos de dereitos á baixa , dada a crise sanitaria , prevese a caída do importe a percibir por fondos non finalistas como a participación de tributos do Estado e fondo de cooperación local, igualmente tamén se prevé unha caída do importe a percibir por diferentes tributos pola caída da porcentaxe de recadación, dada a previsible crisis económica que comenza a visualizarse no noso país, como consecuencia da pandemia que está a causar o peche de numerosos negocios, así como a caída do emprego, somentes se verán compensada parcialmente a dita caída, coa previsión de ingresos doutras Administracións, vía fondos finalistas, que axudarán a manter o financiamento de gastos que deriven da dita circunstancia, é dicir variará a distribución do gasto por capítulos ou áreas de gastos, para tratar de contrarrestar os efectos da crise económica. Estímase o gasto a realizar , que se mantén aos efectos de tratar de manter , en coherencia co límite do gasto, prevese o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria simplemente, con superávits mínimos

Ingreso non financeiro previsto	Gasto non financeiro previsto	Axustes SEC	Capacidade/necesidade de financiamento
6.066.969,29	6.056.969,29	-9.000,00	1.000

### III.6) PREVISIÓNS DAS VARIABLES ECONÓMICAS E ORZAMENTARIAS DAS QUE PARTE O PLAN, ASÍ COMO OS SUPOSTOS SOBRE OS QUE SE BASEAN ESTAS PREVISIÓNS.

As variables económicas que se toman para realizar as previsións son as contidas no acordo do Concello de Ministros de 11/02/2020, de fixación de obxectivos de estabilidade e débeda pública.

#### Capacidade/necesidade de financiamento

	2020	2021
Administración central	-0,5	-0,4
Comunidade Autonómas	-0,2	-0,1
Entidades Locais	0	0
Seguridade Social	-1,1	-1,0
Total AAPP	-1,8	-1,5

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

### Obxectivos de débeda pública

	2020	2021
Administración central	69,2	68,6
Comunidade Autonómas	23,4	22,8
Entidades Locais	2,0	2,0
Total AAPP	94,6	93,4

### Tasa de referencia nominal anual (% variación anual)

2020	2021
2,9	3,0

## IV. CONCLUSIÓNS

Á vista do contido deste plan exposto nos apartados anteriores, formulo as seguintes conclusións:

- No informe emitido pola intervención municipal en relación á liquidación do exercicio 2019 constatouse o incumprimento da regra de gasto regulada no artigo 12 da LOEPSF.
- Como consecuencia do anterior, e dando cumprimento ao previsto no artigo 21 da LOEPSF, esta Alcaldía formula o presente plan económico financeiro para a súa aprobación polo Pleno do Concello.
- **Considérase que non son necesarias medidas concretas, senón un plan que poña de manifesto a situación e o teito de gasto nos seguintes exercicios. O Concello de Arzúa cumprirá co obxectivo de estabilidade orzamentaria e da regra do gasto ao final do exercicio 2021, con ocasión da aprobación da liquidación do dito exercicio. Estímase entón que nese momento se producirá unha situación de equilibrio ou de superávit en termos de contabilidade nacional. Tamén se estima que o volume de débeda viva non incumpra os límites establecidos.**

**SEGUNDO.-** Envío ao órgano de tutela da Administración Autonómica e remisión tamén de dita información a través da oficina virtual das entidades locais.

**TERCEIRO.-** A título informativo, publicar o Plan Económico-Financeiro no Boletín Oficial da Provincia. Así mesmo, unha copia do Plan estará a disposición do público desde a súa aprobación ata o final do seu mandato, na sede electrónica desta Entidade local.

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

- \* O Sr. García Vázquez (de CxG) indicou:
- Que este punto ven dado polo incumprimento da regra de gasto, segundo informe de



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

intervención está dado por sacar partidas dun lado e poñelas noutro.

- Que da a ver a política que se está facendo, unha política burocrática de ir parcheando, cunha partida remendar outra.
- Que se faga unha política mais concentrada no que son as actuacións.

\* A Sra. López Sobrado (do BNG) manifestou:

- Que en base as explicacións que dou a interventora na comisión de contas, entenden que isto hai que facelo e xa se está fóra de prazo, e nese sentido na comisión de contas votamos favorablemente o no pleno votaremos tamén favorablemente.
- Que queren agradecerlle a interventora, que se incorporou hai pouco, e poñerse o día é moi complexo, pero tivo a dilixencia de facelo coa maior axilidade posible.
- Que lle chama a atención que o prazo rematou o 22 de marzo, isto púdoose ter rematado antes, é un retraso que mais alá de que houbera o cambio na intervención poderíase terse previsto para que poidera entrar en prazo ese cambio.
- Que se legalmente ten que ser así, vanno apoiar para que non se siga dilatando.

\* O Sr. Rivadulla Varela (do PP) indicou:

- Que por cuestións legais hai que facer isto, pero gustaríalles que sí houbera uns orzamentos para este ano, que loxicamente levarán aparelados outro plan económico financeiro do seguinte periodo.
- Que lles gustaría que se contemplaran as accións cunha certa previsión, o tema da pandemia é imprevisible, pero o pao económico vai chegar e esperar a ese momento vai ser chegar tarde.
- Que hai cousas que se poden ir facendo día a día e sen embargo non se fixeron, queixa que quere trasladar pola limpeza do parque infantil, que había unha previsión para limpalo día si e día non que ao final se demasdrou un pouco.

\* O alcalde expuxo:

- Que as modificacións e suplementos de crédito é algo que se fai en todo os concellos, non é algo que se faga só neste concello.
- Que é partidario de ir mirando día a día as previsións, é certo que sempre se aproveitan os últimos plenos do ano para traer este tipo de modificacións, porque é cando sobran cartos dunhas partidas e fan falta para outras, non sería correcto traelos en febreiro ao día seguinte de aprobar os orzamentos, salvo que houbera algunha continxencia que houbera que atender que non estivera prevista nos orzamentos.
- Que con respecto o tema da limpeza do parque infantil, transmitirá esta queixa ao servizo de mantemento, cónstalle que no parque está sempre caendo follas, pero o da limpeza e desinfección trasladarallo, porque el ordeara que se fixera.

\*A Sra Balado Conde (do PSdeG-PSOE) indicou que a limpeza faise en lugares

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

estratéxicos con desifección de rúas con mais transito.

Tras o exposto o Sr. Alcalde someteu a votación este punto, por unanimidade dos 12 membros asistentes ( 5 dos concelleiros/as do grupo municipal de Alternativa por Arzúa, 1 da concelleira do grupo municipal do PsdG-PSOE,1 do concelleiro de CxG , 2 concelleiros/as do grupo municipal do BNG e 3 do PP ) , o Pleno municipal **ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar o Plan Económico-Financeiro da Entidade Local tal como aparece transcrito no acordo da Comisión de Contas e Economía e Facenda arriba indicado.

**SEGUNDO.-** Envío ao órgano de tutela da Administración Autonómica e remisión tamén de dita información a través da oficina virtual das entidades locais.

**TERCEIRO.-** A título informativo, publicar o Plan Económico-Financeiro no Boletín Oficial da Provincia. Así mesmo, unha copia do Plan estará a disposición do público desde a súa aprobación ata o final do seu mandato, na sede electrónica desta Entidade local.

### 5. DITAME MOCIÓN PP RELATIVA AO PLAN ESTRATÉXICO DE PROMOCIÓN TURÍSTICA

A secretaria da lectura da proposta de acordo de moción, ditaminada favorablemente na Comisión informativa de Asuntos do Pleno e Control de Xestión municipal de data 24/08/2020, no seguinte sentido:

*“PRIMEIRO: Que o Concello de Arzúa incremente a dotación económica orzada no presente exercicio, actualmente prorrogado, correspondente á Aplicación Orzamentaria do Grupo e Programa Económico 432 correspondente á Información e Promoción Turística por exemplo na Participación en Feiras, a Promoción Turística, etc...”*

*SEGUNDO.- Que o Concello de Arzúa, realice e poña en funcionamento urxentemente un Plan Estratéxico de Promoción Turística do noso Municipio, discutido cos sectores implicados, con ampla representación, e mesmo dos partidos da oposición, así como que sexa presentado e exposto ante os diferentes axentes socioeconómicos locais.*

*TERCEIRO.- Que o Concello de Arzúa, solicite ás distintas Administracións Públicas como a Consellería de Cultura e Turismo e á Deputación da Coruña as axudas tanto loxísticas, económicas ou materiais que sexan necesarias.”*

Coñecido por todos os presentes que o contido da moción é o seguinte:

**“MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR PARA A ELABORACIÓN DUN PLAN ESTRATÉXICO DE PROMOCIÓN TURÍSTICA**

O Grupo Municipal Popular no Concello de Arzúa de acordo co disposto no Regulamento de

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)





## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao Pleno Municipal a seguinte Proposta de MOCION:

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

O sector turístico, é un dos principais focos de actividade e economía do concello de Arzúa. É Unha actividade imprescindible para a nosa economía, cuxos efectos directos e indirectos constitúen un excelente dinamizador socioeconómico e un gran xeado de emprego.

Arzúa conta cuns atractivos activos consolidados, e infraexplotados, de gran valor como son a súa conectividade e proximidade á capital dos Camiños, Santiago, un numeroso patrimonio histórico-cultural, os seus recursos ambientais, gastronómicos, de turismo rural, entre outros, así como cunha multitude de experiencias diversas que nos sitúan nunha posición óptima para facer fronte aos retos que desgraciadamente se nos presentan nun futuro próximo.

Debe ser vital, realizar un gran esforzo por manter e potenciar todos os valores turísticos así como implementalos cunha boa estratexia, optimizar a xestión dos nosos recursos que nos permita consolidarnos fronte aos desafíos dunha “contorna cambiante” que imos atoparnos por mor desta dramática pandemia mundial do Covid-19 e as súas posibles restricións de mobilidade entre Comunidades Autónomas e preocupación social.

Todo o exposto anteriormente, son razóns máis que suficientes para valorar a po tencial turístico local e aínda mais na presente situación, como un factor de creación de riqueza e dun ben do que todos debemos sentirnos orgullosos, o cal deberá ser coidado e potenciado ao máximo.

Por tanto desde o Grupo Municipal do Partido Popular de Arzúa, cremos necesariamente urxente, crear un Plan de “Choque” Estratéxico de Promoción Turística do noso concello que actúe e englobe todos os ámbitos posibles, implique aos partidos da oposición, e respondendo aos cambios sociais actuais, os económicos, e mesmo aos novos hábitos do turista rexional galego ao que probablemente deba ir dirixido sen deixar de lado ao mercado nacional e internacional.

A partir do novo escenario próximo, deberase expor a redacción dos propios documentos de planificación turística que deberán servir como folla de ruta que oriente as actuacións nesta materia, as cales deberán consistir en potenciar e ofrecer aos turistas un produto moi atractivo e claramente diferenciador de “interior”, mais e cando, existirán outras localidades próxima, “competidoras” que pretenderán acaparar ese mesmo tipo de turismo a través das súas propias estratexias locais.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal Popular presenta a seguinte moción para a aprobación polo Pleno da Corporación dos seguintes ACORDOS:  
no seguinte sentido:

*PRIMEIRO: Que o Concello de Arzúa incremente a dotación económica orzada no presente exercicio, actualmente prorrogado, correspondente á Aplicación Orzamentaria do Grupo e Programa Económico 432 correspondente á Información e Promoción Turística por exemplo na Participación en Feiras, a Promoción Turística, etc...*

*SEGUNDO.- Que o Concello de Arzúa, realice e poña en funcionamento urxentemente un Plan Estratéxico de Promoción Turística do noso Municipio, discutido cos sectores implicados, con ampla representación, e mesmo dos partidos da oposición, así como que sexa presentado e exposto ante os diferentes axentes socioeconómicos locais.*

*TERCEIRO.- Que o Concello de Arzúa, solicite ás distintas Administracións Públicas como a*

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

*Consellería de Cultura e Turismo e á Deputación da Coruña as axudas tanto loxísticas, económicas ou materiais que sexan necesarias.”*

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

\* A Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) manifestou:

- Que en referencia o primeiro punto da moción, na asociación onde esta ela si que se incrementou.
- Que no outro pleno xa viron cousas que se van facer e promocións.
- Que o tema das feiras, o concello no mes de novembro foi a unha das feiras mais importantes de Barcelona coa Deputación de A Coruña, estiveron promocionando o queixo de Arzúa e a gastronomía, durante 3 días.
- Que a seguinte feira foi en Ourense onde tamén foron a promocionar o queixo e a gastronomía, estiveron 2 días, xunto coas queixerías e a EFA Piñeirál que elaborou pratos con queixo de Arzúa, levamos un premio polo stand.
- Que en canto o comercio e turismo están facendo actuacións , estanno promocionando e temos mais proxectos en breve.

\*A Sra. López Sobrado (do BNG) indicou:

- Que a moción do PP resumiría en “obras son amores”, porque o PP goberna a Xunta de Galicia e ten mais orzamento que todos os concellos da contorna xuntos. En campaña electoral veu a directora de turismo a cal fixo unha serie de promesas que aínda estamos esperando a ver que cumpre , se algo do que prometeu se vai realizar.
- Que o BNG levou o parlamento a recuperación de Portodemouros para que a Xunta de Galicia se implicase. Para Arzúa Portodemouros foi moi importante, era un impulso moi importante tanto a nivel económico como recreativo-turístico, tanto para os veciños como para os visitantes do concello, pensan que recuperalo con titularidade pública sería algo fundamental para Arzúa, e nese sentido pediron axuda a Xunta e o PP votou en contra da proposta do BNG.
- Que o PP e o partido que goberna a Xunta, en Arzúa non se nota nada o interese do PP por apoiar o turismo do concello, polo que neste punto vanse abster.

\* O alcalde expuxo:

- Que van votar en contra, polo que explicou antes, xa que esta previsto un plan que afectará o Camiño de Santiago, ruta sendeirismo fervenzas das Hortas e actuación en Castro Curbín.
- Que agora mesmo para investimentos no camiño hai unha subvención de 47.000 euros mais ou menos, nos últimos anos xa se viñeron facendo actuacións de saneamento en zonas que estaban inundadas de auga, instalación de contedores de madeira, instalación baranda de seguridade, substitución de taboleiros informativos, arranxo de firme e limpeza de cunetas, aparcabiscis e sobre todo a programación cultural, que no verán vai dirixida ao peregrino.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

- Que en Castro Curbin, como xa explicou a concelleira do PSdeG-PSOE, vaise facer unha limpeza, instalación de taboleiros informativos e peche perimetral.,o que se vai facer na fervenza das Hortas xa se expuxo tanto neste pleno como nas comisións informativas cando se falou deste tema.
- Que se poderían facer mais se se recibise apoio da administración autonómica, porque son conscientes de cómo está a área do albergue de Ribadiso , pero ou fanse os tontos ou non ven.
- Que se faría moito mais, se case os 600.000 euros que hai de remanente se poideran investir .
- Que a moción do PP adolece dunha cousa, fai fincapé no turismo e hostelería e tamén hai outros sectores que se ven prexudicados pola crise do Covid.
- Que con respecto a este tema están recibindo poucas axudas da Xunta, non sabe se a Xunta tería que darlle aos concellos algún soporte económico para levar a cabo este tipo de plans.

\* O Sr. Rivadulla Varela (do PP) manifestou:

- Que o outro día explicou na comisión informativa que o de facer un plan estratéxico é algo bastante común en distintos concellos de toda España, non so de aquí de Galicia e ademais concellos gobernados por distintos partidos políticos, concellos do PP, Podemos, PSOE e nacionalistas.
- Que nas cidades grandes case é obrigatorio e ese tipo de documentos se fan todos os anos ou por períodos de dous ou tres anos.
- Que nos concellos pequenos hai de todo, os que o fan por un período maior e o van actualizando con menos frecuencia, na Coruña, Barcelona teñen plans de etratéxia turística colgados de distintos anos con distintas dotacións.
- Que as ideas que comentou agora o alcalde son ideas que non sabe de onde saíron, cando se fai un plan estratéxico nel recóllese a opinión dos distintos sectores, na moción fai mención da programación turística, o cal non quere dicir que ao mellor que non haxa outros sectores en Arzúa, que teñan o seu peso económico, pero se xa presentaron un plan estratéxico para un só sector xa é bastante para o Concello, non se lles ocurrirá presentar para mais, se se fai algo xa menos mal.
- Que as queixas que teñen habitualmente é de que Arzúa non aparece nos medios, e iso é facilmente verificable, se collen as noticias de distintos medios de comunicación, sempre que mencionan a Arzúa non sempre é por cousa boa, cando hai feiras como FITUR na que a participación é gratuita, é unha oportunidade que o concello perde de facer promoción, aínda que pareza unha tontería se vas a unha feira esta pode aportar en 2 , 3 ou 10 visitantes. Aparecer na prensa a nivel nacional é bastante importante e iso non se está facendo de maneira sistemática, a quen lle corresponda a área de Cultura de promoción e turismo ten que saber iso, que hai que estar ahí sempre presentes o máximo posible.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

- Que o plan estratéxico recolle opinións de distintos sectores, debátese, puntuase, se prioriza e iso se converte en actuacións, esas actuacións non sempre teñen un custo económico.
- Que o outro día comentou iso na Comisión informativa, hai xente en Arzúa que está interesada en colaborar, ofrecer contactos que teñen a que non lle importaría interceder para conseguir certas cousas gratis ou case gratis, non todo ten que conlevar un gasto económico.
- Que se menciona que faltan axudas, pero o PP ten unha serie de subvencións que as puido solicitar o concello, que como o alcalde dixo en mais dunha ocasión non se poden solicitar todas as axudas, porque non sempre se cumpren os requisitos. Facer a solicitude dunha axuda implica traballo e mais xestións para o Concello, pero si hai subvencións que se podían solicitar facilmente e non se solicitaron nos últimos anos, no seu momento sacarán o listado completo.
- Que cando se di que non hai axudas, si as hai, non só para Arzúa senón para todas as Administracións Locais, e está seguro que hai unhas cantas que podería solicitar o Concello e non solicitou.
- Que en Arzúa hai cousas que explotar que non requiren moito gasto, como comentou a compañeira do BNG, Portodemouros é un caso; en Portodemouros o concello de Agolada hai praia fluvial de Brocos onde hai actividades acuáticas, cursos, etc... algo que aquí non hai, iso que non teñen as instalacións que tiñamos aquí, non se require de gran cousa, requírese de participación de implicar a sociedade e que fagan actividades, hai cousas que se poden facer case gratis, querendo traballar podense facer moitas cousas, a nivel de promoción hai moitas actividades que se están perdendo.
- Que polo tema de Ribadiso xa estivo preguntando na Xunta e quedouse en pasar un informe e un proxecto, porque supostamente había unha negativa da xunta para facer certas cousas alí a parte das axudas, hai que volver a insistir.

\* O alcalde expuxo:

- Que o PP copie do goberno bipartito da Deputación, e repartan os cartos equitativamente, porque os alcaldes non teñen que andar de pedichóns pola Xunta adiante para que non lle fagan caso, porque mais do que se cansou el de pedir para a festa do queixo, e tomaronlle o pelo ata dicir basta, tanto o Sr. Diego Calvo como na Xunta.
- Que o que non pode ser é que os alcaldes teñan que facer un montón de visitas para que che dean 1500 euros para unha festa do queixo.

\* A Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) indica:

- .- Que lle gustaría saber que subvencións perdeu o Concello no tema de turismo, porque non ten constancia de que se perdera ningunha.

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

- Que o sector da hostelería ven o concello continuamente para aportar ideas e propostas e as cousas que están a facer están avaladas por eles e polas ideas que aportan.
- Que Portodemouros en Brocos, é unha empresa privada a que está realizando esas actividades.

\* O Alcalde indica:

- Que está preparando a lista das subvencións que lles denegan, gustaralles saber porque non lle dan a subvención, porque se agotan os cartos, porque a solicitude presentase xusto no momento en que abren o prazo e non a dan porque xa está o orzamento agotado, quería saber o por qué. Non sabe se os alcaldes do PP se lles avisa antes de que vaía a saír e xa teñen todo preparado, porque algo pasa con ese tema.

Tras o exposto o Sr. Alcalde someteu a votación este punto, non se aprobou o acordo proposto, sendo o resultado da votación o que segue: por 4 votos a favor (2 PP e 1 CxG), 6 en contra (5 dos concelleiros/as do grupo municipal de Alternativa por Arzúa, 1 da concelleira do grupo municipal do PSdG-PSOE) 2 abstencións do BNG.

### **6. DITAME MOCIÓN GRUPO MIXTO RELATIVA AO PROTOCOLO FRONTE AO CORONAVIRUS NA VOLTA AS AULAS.**

A secretaria da lectura da proposta de acordo, ditaminada favorablemente na Comisión informativa de Asuntos do Pleno e Control de Xestión municipal de data 24/08/2020, no seguinte sentido:

*“PRIMEIRO.- Inicie de forma inmediata reunións cos representas do profesorado e das familias do alumnado para acadar un documento consensuado que permita afrontar o desenvolvemento do curso 2020-2021 coas máximas garantías posibles.*

*SEGUNDO.- Se dote os centros do profesorado e persoal suficiente para garantir unha actividade educativa correcta en calquera dos escenarios posibles que se poidan dar ao longo do próximo curso.*

*TERCEIRO.- Establecer unha reunión urxente coa Fegamp para valorar todos os recursos necesarios para o normal desenvolvemento do curso escolar, así como xerar unha dinámica de colaboración estable para este cometido mentres dure esta situación extraordinaria.*

*CUARTO.- Se habiliten os fondos extraordinarios necesarios e se tramiten as modificacións orzamentarias pertinentes para os incrementos de custes que deben asumir centros, ANPAS e concellos como consecuencia das medidas que se dispoñan nese novo protocolo sexan asumidos polo goberno da Xunta de Galicia.*

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)





## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

*QUINTO.- Que os fondos extraordinarios do Goberno de España destiandos a educación se negocien de maneira transparente con todos os sectores implicados.*

*SEXTO.- Que se garanta o funcionamento de comedores e transportes escolares, cando menos, nos mesmos termos nos que o servizo daría cobertura en situacións normais.”*

Coñecendo todos os presentes o contido da moción, cuxo contido é o seguinte:

“O Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, ao abeiro do disposto na lexislación vixente, presenta para o seu debate e votación no Pleno Municipal a seguinte moción en relación ao Protocolo fronte ao coronavirus na volta ás aulas este vindeiro curso escolar.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

O dereito á Educación é un dereito fundamental recollido no artigo 27 da nosa Constitución e os centros educativos representan o espazo no que este dereito ha de articularse e desenvolverse e a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias plenas no ensino tal e como establece o artigo 31 do noso Estatuto de Autonomía.

A situación derivada da pandemia producida polo Covid-19 supuxo que o sistema educativo galego, ao igual que os de todo o Estado, se vise inmerso nunha situación inédita como consecuencia do pertinente, necesario e obrigado peche dos centros educativos.

Ainda que a educación a distancia, cun esforzo sen precedentes do profesorado, alumnado e familias, serviu para poder resolver unha situación excepcional á que houbo que facer fronte de forma inmediata, non substitúe á aprendizaxe presencial, pois é a contorna escolar e a interacción escolar cos docentes e entre o alumnado o que mellor permite a aprendizaxe, a socialización e o seu desenvolvemento.

Como elemento adicional a ter en conta debe engadirse o feito de que o peche dos centros educativos xera fendas de desigualdade debido aos diferentes recursos materiais, dixitais e persoais existentes en cada familia; bechas que son máis fondas canto menor é o nivel socio-económico das familias. E tamén, como vimos de comprobar, xera desigualdades no benestar emocional e social.

Por todo o anterior, faise necesario retornar a actividade presencial adoptando todas as medidas de prevención e hixiene necesarias que permitan facelo de forma segura e manter o control da pandemia.

O desenvolvemento do curso 2020-2021 é imprevisible, dado o descoñecemento que aínda temos acerca da posible evolución da pandemia do Covid-19. En consecuencia, resulta imprescindible prever diferentes escenarios aos que adaptarse dependendo das circunstancias sanitarias que poidan darse e toda esa previsión debe plasmarse nun protocolo para os centros docentes que regule o desenvolvemento da súa actividade, tanto lectiva como dos servizos complementarios.

Ao Partido Socialista de Galicia, como partido político de goberno que é, non lle resulta allea a enorme dificultade á que se debe enfrontar unha Administración para elaborar tal protocolo que

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)





## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

necesariamente teña a capacidade de adaptación necesaria ás distintas e hipotéticas realidades que poidan producir, partindo das premisas de garantir a seguridade e saúde do persoal empregado e do alumnado, así como a máxima conciliación da vida familiar e laboral. Nese sentido, sempre estaremos dispostos a apoiar as accións que o goberno da Xunta de Galicia adopte froito do diálogo e consenso necesario con todos os sectores da comunidade educativa.

Lamentablemente non nos atopamos nese escenario co proxecto de protocolo elaborado pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional que ten concitado o rexeitamento dos docentes, familias e concellos. E isto é así porque o goberno da xunta de Galicia que debe afrontar, máis que nunca, a súa responsabilidade de goberno o que fai é centrifugar responsabilidades cara aos centros, ANPAS e concellos sen dotalos dun marco estable, seguro e cos recursos humanos e materiais necesarios tamén para a totalidade dos servizos complementarios (comedor e transporte escolar). A situación do rexeitamento pode resumirse do seguinte xeito:

\* Os representantes do profesorado solicitaron retirar o protocolo e negociar un novo documento que responda ás demandas do profesorado e do conxunto da comunidade educativa, que garanta un ensino presencial seguro, adoptando todas as medidas para afrontar adecuadamente unha posible interrupción da docencia presencial, ao entender que nada diso se recolle no documento da Consellaría, que descarga toda a responsabilidade tamén de seguridade e hixiene nos equipos directivos e no conxunto do profesorado.

\*Por parte dos representantes de nais e pais de alumnos se lamenta que non existan ningunha representación súa na comisión Covid que se debe crear nos centros, á vez que advirten da imposibilidade de levar a cabo actuacións que se prevén, como a renovación de aire, a redución das rateos nos comedores e transportes escolares e advirten da moi difícil conciliación nos casos dalgún contaxio e o tempo previsto para o reingreso nas aulas que pode chegar a mes e medio.

\* Por último, dende os concellos e a FEGAMP trasladouse a complexidade de asumir as medidas previstas ao aumentar de maneira moi importante as cargas e custos derivados en materia de limpeza e desinfeccións. Mesmo existen dúbidas por parte dalgúns servizos de Intervención municipais sobre a autorización de gastos para dar cumprimento a disposición que carecen de rango normativo axeitado.

Así as cousas, resulta máis que evidente que se debe reconducir a situación de maneira urxente, e para elo, o grupo municipal do PSdeG-PSOE presenta a seguinte:

**PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:** O Pleno do Concello de Arzúa insta á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional a que:

1. Inicie de forma inmediata reunións cos representas do profesorado e das familias do alumnado para acadar un documento consensuado que permita afrontar o desenvolvemento do curso 2020-2021 coas máximas garantías posibles.
2. Se dote os centros do profesorado e persoal suficiente para garantir unha actividade educativa correcta en calquera dos escenarios posibles que se poidan dar ao longo do próximo curso.
3. Establecer unha reunión urxente coa Fegamp para valorar todos os recursos necesarios para o normal desenvolvemento do curso escolar, así como xerar unha dinámica de colaboración estable para este cometido mentres dure esta situación extraordinaria.
4. Se habiliten os fondos extraordinarios necesarios e se tramiten as modificacións orzamentarias pertinentes para os incrementos de custes que deben asumir centros, ANPAS e concellos como

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

consecuencia das medidas que se dispoñan nese novo protocolo sexan asumidos polo goberno da Xunta de Galicia.

5. Que os fondos extraordinarios do Goberno de España destinados a educación se negocien de maneira transparente con todos os sectores implicados.

6. Que se garanta o funcionamento de comedores e transportes escolares, cando menos, nos mesmos termos nos que o servizo daría cobertura en situacións normais.”

Deseguido interveñen:

\* O Sr. García Vázquez (CxG) o cal indica, que esta moción parécelle unha política burocrática e que fai para cubrir o expediente

\*A Sra. López Sobrado (do BNG) manifestou:

- Que o seu grupo tiña rexistrada unha moción sobre esta cuestión do inicio do curso, a pandemia, o protocolo da Xunta.

- Que a día de hoxe hai moita incertidume, as cousas están no aire, o curso vai comezar en poucos días, os rebrotes non paran de aflorar, é lóxico que haxa preocupación, as respostas que está dando a Xunta non dan seguridade nin as familias nin a comunidade educativa, ben sexan administrativos do centro de ensino como profesorado e demais.

- Que todo o que recae no Concello, neste caso debería ser competencia da Xunta, recaen unha serie de cuestións que o Concello e as directivas dos centros van ter que asumir e non lles parece de recibo que a Xunta faga isto.

- Que levamos todo o ano vendo iso fronte a situación do Covid, son os concellos os que quedan sos intentando paliar as carencias da Xunta e nese sentido ía a moción presentada polo BNG.

- Que cando lles chegou a convocatoria do pleno e das comisións e poideron ler a moción do PSOE, comprobaron que os puntos que se recollían nela e o argumento da moción era asumible por parte do BNG, polo que decidiron facer unha emenda que non modifica substancialmente a moción, é algo que consideraron de interese, que polo Concello se traslade as Ampas, xa que neste momento están preocupados pola situación, parécelles importante que coñezan como se produciu o debate neste Pleno e cales son as posicións, neste sentido realizan a emenda, retiran a súa moción e incorporan esta emenda a moción do PSOE.

\* O Sr. Rivadulla Varela (do PP) manifestou:

- Que entenden que haxa unha necesidade de saber o que vai pasar para estas familias as que os nenos lle van a empezar o colexio.

- Que hoxe reuníase co Ministerio de Educación e Sanidade os respectivos hononimos en cada Comunidade Autónoma, era unha reunión que xa solicitaran hai moitas semanas, entende que o lóxico sería que antes de rematar o curso anterior, xa

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

se marcaran unhas pautas de actuación de cara a este curso que se inicia agora, non sabe se se chegou a algo en concreto.

- Que hai algún tempo faciase mención de que ía haber unhas partidas do Ministerio de Educación as distintas Comunidades Autónomas para este tipo de cuestións, pero non sabe se no día de hoxe se concretou algo, é unha demanda que se fai aquí, fálase da relación entre a Consellería, familias e demais, a través da federación de Ampas si houbo contacto. A única provincia onde hai problemas de entendemento, sobre todo para o tema dos comedores é a provincia de Pontevedra co organización provincial e ca organización que representa aos pais da zona de Vigo e comarca, que aínda non chegaron a un acordo, comprometeranse estas dúas ampas a presentar unha serie de medidas alternativas para a xestión dos comedores que aínda non presentaron a día de hoxe, están esperando na Xunta e cando o reciban saberase se chegan a un acordo ou non.

- Que si hai unha incorporación de mil profesores mais, a parte de cursos para docentes con mais persoal para dar docencia en temas de teleformación, o que non sabe se esta moción esta presentada antes de que se anunciase a incorporación dos novos profesores.

- Que hai unha certa relación entre a concellería e a Fegamp, pero si e certo tamén que aínda non chegaron a finiquitar as negociacións, hai aínda cuestións sobre a mesa.

- Que os fondos extraordinarios están pendentes de vir do Ministerio unha vez que se concreten as condicións en que se poden aplicar e periodos etc..., a Xunta e as Comunidades Autónomas concretaran dentro dos seus territorios, o funcionamento dos comedores e transporte escolar mais ou menos están garantidos, salvo na zona de Pontevedra, con respecto o transporte escolar hai medo de que poidan haber restricións, a única restrición que cre que hai e a que implica compartir o bus escolar entre os rapaces que van o colexio e outro tipo de usuarios, e non saben se poden abastecer toda a demanda que hai, por esas razóns van votar en contra desta moción.

\* O alcalde indicou:

- Que o seu grupo vai votar a favor da moción coa emenda do BNG.

- Que vaise centrar nunha cousa, nos protocolos, protocolo da garderia, protocolo do CEIP, protocolo competicións deportivas; a Xunta elabora protocolos pero os concellos fanse cargo deses protocolos, tanto do material como da limpeza se as cousas non cambian; os concellos metenos nun problema bastante gordo porque teñen os contratos dos servizos que son un montón de horas e non sabe como o concello os vai asumir.

- Que o tema dos protocolos e grave para os concellos, enviaos a Xunta pero non os financian.

\* A Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) expuxo:

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

---



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

- Que todo iso parecelle gravísimo, pero mais grave lle parece que se este a dez días de empezar o colexio e non se sabe como vai ser o tema dos autobuses, a limpeza nin a seguridade dos nenos nin dos profesores.
- Que como vai ser a atención a diversidade en función da educación especial, por exemplo, cre que hai que poñer en marcha unha compra de epis para toda a rede educativa galega porque é importantísimo, e debe existir un protocolo para o transporte escolar porque nel se corre tanto risco como nas aulas.
- Que a Xunta xa debería ter un plan dende marzo, aínda que estabamos en estado de alarma, porque as competencias en educación tenas na súa totalidade a Xunta de Galicia, co cal debería ter un estudio feito de cómo empezar o curso, porque tempo tiveron dende o mes de marzo.
- Que os mil profesores dos que fala o concelleiro do PP, ninguén sabe de onde van sacalos.
- Esta é unha situación que lle produce moito respecto por todos os nenos.

\* A Sra. López Sobrado (do BNG) manifestou:

- Que quere deixar constancia de que dende o BNG lles parece escandaloso que se alardee da deixadez de funcións que fai o goberno da Xunta nunha situación de pandemia mundial que estamos vivindo, deixando soas as familias e aos profesionaisj do ensino.
- Que os dos mil profesores non sabe se é real, pero é unha cifra irrisoria, porque iso non da para baixar a ratios, o necesario agora mesmo para que poida haber aulas presenciais con garantías sería poder baixar a ratios e eses mil profesores dos que se fala, non sabe se son reais ou ficticios non chegan para iso.
- Que hai familia que nestes momentos estanse plantexando non enviar os seus nenos as aulas por medo, polo que parécelles unha situación moi grave tendo en conta que setembro está a volta da esquina e está todo no aire.
- Que se compadece das persoas que teñen fillos e se se vira na súa situación estaría moi preocupada, hai familias que se poden permitir pagar profesores particulares, pero hai moitas que non, ou que en pleno confinamento non se podían permitir pagar unha rede de internet ou ter un computador para cada un dos seus fillos, e nese sentido a Xunta ten moito que poñerse as pilas, aquí hai unha situación gravísima co ensino e a Xunta ten folga de brazos caídos.

Tras o exposto o Sr. Alcalde someteu a votación esta moción incorporando a mesma a emenda do BNG, por 8 votos a favor (5 dos concelleiros/as do grupo municipal de Alternativa por Arzúa, 1 da concelleira do grupo municipal do PsdG-PSOE e 2 do BNG) 1 abstencións do concelleiro de CxG e 3 votos en contra dos concelleiros/as Partido Popular , o Pleno municipal **ACORDOU:**

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

**PRIMEIRO.-** Se Inicie de forma inmediata reunións cos representas do profesorado e das familias do alumnado para acadar un documento consensuado que permita afrontar o desenvolvemento do curso 2020-2021 coas máximas garantías posibles.

**SEGUNDO.-** Se dote os centros do profesorado e persoal suficiente para garantir unha actividade educativa correcta en calquera dos escenarios posibles que se poidan dar ao longo do próximo curso.

**TERCEIRO.-** Establecer unha reunión urxente coa Fegamp para valorar todos os recursos necesarios para o normal desenvolvemento do curso escolar, así como xerar unha dinámica de colaboración estable para este cometido mentres dure esta situación extraordinaria.

**CUARTO.-** Se habiliten os fondos extraordinarios necesarios e se tramiten as modificacións orzamentarias pertinentes para os incrementos de custes que deben asumir centros, ANPAS e concellos como consecuencia das medidas que se dispoñan nese novo protocolo sexan asumidos polo goberno da Xunta de Galicia.

**QUINTO.-** Que os fondos extraordinarios do Goberno de España destinados a educación se negocien de maneira transparente con todos os sectores implicados.

**SEXTO.-** Que se garanta o funcionamento de comedores e transportes escolares, cando menos, nos mesmos termos nos que o servizo daría cobertura en situacións normais.

**SÉTIMO:** Se dea traslado as Ampas de como se produciu o debate neste Pleno e cales son as posicións.

### **7.DITAME MOCIÓN DO BNG SOBRE UTILIZACIÓN DOS FONDOS MUNICIPAIS POR PARTE DO GOBERNO DO ESTADO.**

A secretaria da lectura a seguinte proposta de acordo de moción, ditaminada favorablemente na Comisión de Contas e de economía e facenda de data 24/08/2020, no seguinte sentido:

*“PRIMEIRO.- Instar á Xunta de Galicia a solicitar do goberno español a derogación da Lei 2/2012 de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira para permitir ás entidades locais atender as competencia propias con cargo aos remanentes e/ou superávit, así como ampliar a capacidade de endebedamento das Administracións locais para afrontar os ditos gastos.*

*SEGUNDO.- Que a interlocución do goberno do estado cos concellos galegos se establece a través da FEGAMP, entidade na que están representados a totalidade dos concellos galegos e as catro deputacións provinciais.”*

Coñecida por todos os presentes o contido da moción, cuxo contido é o seguinte:

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

---





## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

### “MOCION SOBRE A UTILIZACIÓN DOS FONDOS MUNICIPAIS POR PARTE DO GOBERNO DO ESTADO”

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Arzúa, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno.

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

Ante a situación de incertidume que se está a xerar nas Administracións locais galegas, desde o BNG manifestamos o **noso profundo rexeitamento a calquera tentativa de incautación ou bloqueo dos fondos municipais por parte do Estado**, xa que as necesidades estatais non poden anular as necesidades locais.

Sorprendeunos que este venres pasado a FEMP convocase unha xuntanza extraordinaria da súa Xunta de Goberno para presentar e aprobar un acordo entre o goberno de España e a FEMP para, segundo consta textualmente na convocatoria, **“contribuír desde los municipios a desarrollar una movilidad sostenible, la agenda urbana y políticas de cuidados y apoyo a la cultura”**. Baixo este eufemismo, o que este acordo agocha non é nin mais nin menos que o estado faga unha operación para dotarse de liquidez a consta dos remanentes municipais (**estamos falando de que a cantidade de remanentes das entidades locais galegas estímase nuns 890 millóns de euros**).

#### **A reacción de rexeitamento xeneralizado fixo que o presidente da FEMP se vira na obriga de suspender a Xunta de Goberno na que pretendía dictaminar este acordo.**

A escusa do ministerio para xustificar esta proposta en base a imposibilidade de incumprir a lei de estabilidade, a chamada lei Montoro, e a que así non lle computa aos concellos como déficit, é un insulto a intelixencia. A Comisión europea acordou flexibilizar a limitación de endebedamento dos estados como consecuencia da crise da Covid. Os Estados van poder incrementar a débeda, mais segundo a interpretación do ministerio a única administración que vai poder incrementar a débeda é a Administración Xeral do Estado. A Administración Local non debe ser Estado e non vai poder incrementar a débeda, malia supoñer no caso de Galiza un 0,3% do PIB galego, e estar o límite no 3%.

En calquera caso, é fundamental garantir que a posibilidade de utilización de fondos ou endebedamento por parte dos concelleiros non sexa utilizado por outras administracións para buscar financiamento e a asunción por parte das entidades locais de competencias impropias, cargando así sobre os municipios o custo de servizos que non poden nin deben ser asumidos.

Esta é unha vella demanda do municipalismo galego, e así quedou reflectido nos relatorios aprobados na asemblea xeral da FEGAMP celebrada no mes de novembro pasado e na que por unanimidade se acordou **“Demandar a flexibilización de utilización do remanente e superávit a calquera tipo de inversión que redunde en beneficio da comunidade, estendendo o ámbito temporal de aplicación e considerando a posibilidade de poder aplicar parte do mesmo en gasto corrente”**

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)





## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

Por todas estas razóns, o BNG demanda do Pleno da Corporación Municipal do Concello de Arzúa os seguintes

### ACORDOS

PRIMEIRO.- Instar á Xunta de Galicia a solicitar do goberno español a derogación da Lei 2/2012 de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira para permitir ás entidades locais atender as competencias propias con cargo aos remanentes e/ou superávit, así como ampliar a capacidade de endebedamento das Administracións locais para afrontar os ditos gastos.

SEGUNDO.- Que a interlocución do goberno do estado cos concellos galegos se estableza a través da FEGAMP, entidade na que están representados a totalidade dos concellos galegos e as catro deputacións provinciais.”

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

\* A Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) indicou:

- Que neste punto se vai abster, porque cre que vai haber cambios neste acordo do goberno, o ministro de facenda e a Federación Española de municipios negocian un acordo coas entidades locais que pode mobilizar 5000 millóns de euros, unha cifra calculada a partir do remanente de tesourería.
- Que o goberno atende así as peticións históricas da Lei do ano 2015, é perfectamente consciente de que hai deficiencias polo que respecta a este tema, é consciente de que se poden gastar estes cartos de diferentes formas, dándolle autorización total ao concellos, como así debería ser, pero hai que ter en conta que estamos vivindo unha situación difícilísima polo tema do Covid, onde se están levando a cabo moitos gastos, miles de axudas que se estaban levando a cabo polo goberno central.
- Que entende que o mellor teríase de derogar totalmente a lei Montoro de 2015, pero por outra banda tamén entende que xusto nestes momentos non é o momento adecuado para facelo e o goberno xunto coa FEMAP puxo outro tipo de normativas os concellos para así poder percibir ese remanente, non todo xunto nin como cada un dos concellos quixera.

\* O Sr. Rivadulla Varela (do PP) indicou:

- Que como xa dixo na Comisión informativa, a posibilidade que plantexa o BNG é unha alternativa, pero entenden que antes dixo habería que esgotar outras vías, como facer unha modificación, unha flexibilización, é fácil de facer.
- Que así como o goberno xa sacou dous RDL 8/2000 e 23/2000, facer modificacións das normativas non lle supón moito traballo, e neste caso non sabe se non lle interesa facer esa modificación e así aproveitase da mesma.
- Que se chegara a un acordo dentro da FEMP e incluso houbera unha promesa do goberno que o final non se cumpriu, pero si que aparecen recollidos estes acordos, e o presidente pronunciárase que estaba en contra do que o final acaba asinando o día 3

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

de agosto, un acordo que si asinou cunhas condicións que non se respetaron, cando dous días despois aparece publicado no BOE o que chama bastante a atención, facer un acordo para despois non respetalo e que o goberno o modificase co seu criterio de forma unilateral, pensa que non ten moito sentido, por iso e por outros motivos votarán en contra.

\* O alcalde manifestou:

- Que esta moción púxolles na tesitura de non saber moi ben que facer, o final decidimos abstermos, non porque non estean de acordo co que se plantexa na moción, senón por non ter que entrar dentro dunhas semanas nunha contradición.e
- Que agora mesmo é certo que non satisfai a case ninguén a proposta que se fai, pero non sabe os cambios que terá, e dependendo diso neste concello haberá que valorar se nos adherimos a iso para a lo menos para o ano poder gastar parte dese remanente sen que nos inflúa na regra de gasto nin na estabilidade orzamentaria.

\* A Sra López Sobrado (do BNG) expuxo:

- Que o BNG está en contra desta incautación dos fondos municipais por parte do goberno do estado, xa o teñen manifestado no Congreso, no Parlamento e publicamente en todas as ocasións que tiveron a oportunidade, e produto diso é esta moción da que pretenden que saía un acordo do concello, cando menos para que se fixese notar esa disconformidade que están a formular moitos concellos galegos co feito de que lles incauten eses fondos.
- Que consideran que a proposta que hai a día de hoxe por parte do goberno do estado enriba da mesa é unha chantaxe os concellos, porque entre poder gastar cero euros e que permitan se se entregan eses fondos gastar algo, é unha chantaxe.
- Que o lóxico sería derogar a lei Montoro, foi unha lei aprobada polo partido popular, o PSOE no seu momento manifestarase en contra. E unha lei que limita a autonomía local e invade aínda moito mais as capacidades de goberno dos concellos, polo que conviña que fose derogada e mais na situación actual, onde os concellos teñen moitos miles de euros parados nos bancos que poderían estarse empregando para facer fronte a esta situación de pandemia.
- Que dende os concellos sábese moi ben cal é a situación, se falamos do que houbo que afrontar todos estes meses e neste caso consideramos que estarían ben investidos se os concellos poidan facer uso dese diñeiro que está parado, e nese sentido vai o acordo da moción co número 1, e no caso do acordo nº 2 é unha cuestión que tamén lles parece importante, o feito de que todo isto se negociase na FEMP e que a FEGAMP non tivera en ningún momento a oportunidade de interlocución co goberno do estado, cando é un organismo que representa aos concellos galegos e o que mellor coñece como está a súa situación e as súas características, porque non sonas mesmas situacións dos nosos concellos que dende outras partes do estado.

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

---



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

Tras o exposto o Sr. Alcalde someteu a votación esta moción, non se aprobou o acordo proposto, sendo o resultado da votación o que segue:7 abstencións (5 dos concelleiros/as do grupo municipal de Alternativa por Arzúa, 1 da concelleira do grupo municipal do PsdG-PSOE e 1 do concelleiro de compromiso por Galicia), 3 votos en contra dos concelleiros/as do PP e 2 votos a favor dos concelleiros/as do BNG.

### **8. DACIÓN DE CONTA DE INFORMACIÓN DE CARÁCTER ECONÓMICO; INFORMACIÓN MOROSIDADE, PERIODO MEDIO DE PAGO E EXECUCIÓN ORZAMENTARIA SEGUNDO TRIMESTRE DO ANO 2020.**

Dáse conta da información indicada remitida por intervención, que será enviada xunto ca acta desta sesión.

Dándose todos os presentes por enterados.

### **10) DACION CONTA DECRETOS**

De conformidade co disposto no artigo 42 do RD 2568/1986 de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta aos concelleiros do decretos do alcalde dende o nº 388/2020 de data 23 de xuño de 2020 ata o nº 474/2020 de data 20 de agosto de 2020.

-----

Antes de pasar a rolda de Rogos e Preguntas, pregunta o alcalde se en aplicación do artigo 91.4 do ROF RD 2568/1986 de 28 de novembro, se algún grupo político desexa someter a consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na orde do día que acompañou á convocatoria e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Manifesta a Sra. López Sobrado (do BNG) :

- Que lle gustaría presentar unha moción relativa a supresión da liña de autobús que une Vila de Cruces coa cidade da Coruña, pasando por Arzúa, sen non se equivoca é



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

a única liña que une a Arzúa coa cidade da Coruña,  
- Que ten fotocopias de dita moción, aínda que non sabe se polo protocolo do Covid conven que as distriubúa, queN queira collelas deixas sobre a mesa.

A Sra. López Sobrado pasa a ler dita moción, sendo o seu contido o seguinte:

### **“MOCIÓN DO BNG RELATIVA Á SUPRESIÓN DA LIÑA DE AUTOBÚS ENTRE VILA DE CRUCES E A CORUÑA**

Desde os anos 60 do pasado século, a liña de autobús que une Vila de Cruces coa Coruña e que conta con parada no noso Concello, vertebrou a vida diaria de diferentes parroquias e lugares dos concellos polos que transita, entre eles Arzúa.

Pese á deficiente calidade que o servizo presta na actualidade, cunha única parada diaria, esta liña serve como único medio de transporte público de Arzúa coa Coruña ou con algúns dos concellos polos que transcorre (Vila de Cruces, Arzúa, Boimorto, Mesía, Abegondo, Carral, Culleredo, Cambre e A Coruña)

No BNG recibimos a noticia de que a Xunta de Galiza ten intención de suprimila eliminando así unha vez mais, un servizo público no noso Concello.

Por estas razóns, o pleno da Corporación do Concello de Arzúa adopta os seguintes ACORDOS:

1. Instar á Xunta de Galiza a non suprimir sta liña de autobús.
2. Instar á Xunta de Galiza a mellorar e ampliar os horarios desta liña.”

\* Unha vez lida dita moción a secretaria explicou, que cando se trata de mocións urxentes o regulamento orgánico actual, indica que hai que motivar a urxencia e despois votar a mesma.

\* A Sra. López Sobrado explica, que o motivo da urxencia é que segundo lles consta que a supresión da liña Vila de Cruces-A Coruña, vaise levar a cabo en setembro polo que consideran importante que se debata agora.

Tras a explicación da Sra. López Sobrado, o Sr. alcalde someteu a votación ordinaria a urxencia de tratar agora sobre esta moción, adoptándose por unanimidade dos 12 membros presentes considerar xustificada a urxencia; polo que, en consecuencia, procedeuse ao seu debate .

Interveñen:

\* A Sra. López Sobrado ( do BNG) que a todos lles consta a mala situación da liña de bus dende hai moitos anos.

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

---



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

\* A Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) indicou, que e unha liña que leva moitos anos e a xente está chamando continuamente ao concello por esta problemática, pensa que hai que facer unha reclamación a Xunta en conxunto de todos os concellos polos que transcorre dita liña.

\* O Sr. Rivadulla Varela (do PP) indicou, que non tiñan coñecemento desta situación, non sabe cal é o motivo polo que queren eliminar esa liña, polo que non sabe se a concelleira do BNG pode concretar algo mais; evidentemente suprimir servizos para Arzúa e a Comarca sempre é negativo.

\* O alcalde manifestou:

- Que o seu grupo vai votar a favor, que se puxo en contacto con el alcalde de Mesia para que todos os concellos polos que transcorre esa liña facer un escrito conxunto e remitilo a xunta.
- Que están esperando a que envíen dito escrito e non haberá ningún problema para asinalo.

\* A Sra. López Sobrado (do BNG) explicou:

- Que segundo poideron saber conversando coa empresa a través do servizo de mobilidade da Xunta en consultas telefónicas, esta medida ven derivada do plan de transporte da Xunta, o plan de transporte nese momento tivera alegacións pero seguiu adiante.
- Que é importante que o Concello de Arzúa e os outros concellos (esta proposta do BNG estase presentando en todos os concellos afectados), fagan forza para que non se elimine esa liña e se mellore.
- Que a liña ao mellor non ten moitos usuarios, xa que é unha liña moi deficiente porque se tarda moito en chegar A Coruña, hai que melloralala, pero coincidirán en esta liña dende este Concello a unha cidade como A Coruña, a cal fai paradas noutros concellos é un servizo moi importante, polo que se reclama a Xunta para que manteña esa liña.
- Que unha pregunta feita a empresa de se a eliminación da liña é por unha cuestión de que era inasumible ese servizo por parte dela, a empresa contestou que non era unha cuestión da empresa senón unha decisión política da Xunta.

Tras o exposto o Sr. Alcalde someteu a votación esta moción, por unanimidade dos doce membros presentes, o Pleno municipal **ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Instar á Xunta de Galicia a non suprimir esta liña de autobús entre Vila de Cruces e a cidade da Coruña

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

**SEGUNDO.-** Instar á Xunta de Galicia a mellorar e ampliar os horarios desta liña.

\* Deseguido o Sr. Rivadulla Varela (do PP) indicou:

- Que tiña unha moción de urxencia relativa a aprobación do goberno de España do remanente o 15 de setembro, e en vista de que non vai a haber ningún pleno ordinario antes desa data pide que se trate por urxencia dado que senón dita moción pasariase de data.
- Que esta moción poderianna haber metido para debatila no pleno, pero preferiron darlle prioridade o tema do plan estratéxico de promoción do turismo que lles pareceu mais interesante e mais vinculado ao concello.

Tras o exposto polo Sr. Rivadulla Taboada, o alcalde someteu a votación ordinaria a urxencia de tratar agora sobre esta moción, adoptándose por 8 votos en contra (5 dos concelleiros/as de AxA, 1 da concelleira do PSdeG-PSOE e 2 dos concelleiros/as do BNG) e 4 a favor (3 dos concelleiros/as PP e 1 do concelleiro de CxG), non considerar xustificada a urxencia; polo que, en consecuencia, non se procedeu ao debate da moción indicada.

### 10. ROGOS E PREGUNTAS.

\* O Sr. García Vázquez (CxG) fai os seguintes **ROGOS**:

1. Que se lle dea unha solución a rúa travesía da Fraguíña, están chegando peticións do pobo, xa que non se poden abrir as ventás debido o problema que ten esa travesía.
2. Que se tomen medidas co cadro de electricidade que hai na feira xa que está colgando, é supón un perigo porque o pasar xunto del calquera pódeo tocar.
3. Que habería que facer un rexistro dos usuarios do polideportivo Manuel Tojo e que a indumentaria dos traballadores de dito polideportivo sexa mais efectiva, porque a xente corre, salta e solta líquidos e ditos traballadores están moi expostos.

Tamén fai a seguinte **PREGUNTA**, se o responsable de áreas verdes podería dar unhas verbas con respecto os análise da auga, se hai algunha fonte pública que o mellor deba ser revisada ou sobre a dotación para as áreas das Hortas e Castro Curbín

\* O Sr. Carril Ramos (do BNG) fai os seguintes **ROGOS**:

- Que se recorten os bidueiros na rúa Fraga do Rei, é unha petición dos veciños.
- Que se cambie o sistema da auga na fonte da praza de Galicia ante os atascos por escrementos das palomas..
- Que para a limpeza das beirarrúas a cuadrilla de mantemento utilice a máquina que está a súa disposición.

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)





## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

- Que se faga unha campaña de control do uso de mascarillas polos peregrinos.
- Que se pida á Xunta de Galicia un reforzo dos medios materiais e persoais do centro de saúde, reforzo xa solicitado polo persoal.
- Que se convoque o consello da radio e se retransmitan as actividades culturais.
- Que se lle dea resposta as preguntas formuladas no anterior pleno anterior, e tamén realiza as seguintes **PREGUNTAS**.
- Os prazos de vencimento dos contratos de servizos
- A cantas asociacións se lles aplica a ordenanza municipal de uso de locais municipais.
- Como esta o tema da praza de policía local.

\* O Sr. Rivadulla Varela indicou que presentou as seguintes **PREGUNTAS** por escrito o día 26 de agosto de 2020 con nº rexistro: 202099900000556:

- Sobre as licenzas de obra e de actividade no que levamos de 2020:
  - Nº de solicitudes/expedientes iniciados en 2020 e as finalmente concedidas durante este 2020 (expedientes iniciados en calquera momento).
  - Cónstalle a perda de varios expedientes que foran presentados pro rexistro en diversos anos e nunca se contestaron polo Concello. Ten pensado o Concello darlle solución e ten establecido algún sistema de control para que non volva a suceder?
- PXOM: Ten previsto algunha novidade (modificación ou execución) para o que resta de lexislatura?
- Para o que resta de 2020, están previstos mais concursos de servizos ou de xestión patrimonial?
- Accidente na parte traseira o pavillón de Santa María, dun neno circulando en bicicleta, o 21 de maio: hai algunha previsión de protexer aquel punto?
- Hai previsión de modificación de impostos (IBI...) a taxas para 2021.

\* O alcalde explicou:

- Que respecto o rogo do BNG sobre o tema dos bidueiros, esta de acordo que a parte de cortalos por abaixo tamén habería que cortar o lateral cando sexa o tempo de poda, porque están bastante metidos na estrada.
- Que sobre as palomas , pódese falar esta cuestión, pero haberá xente que estea de acordo e outra que non.
- Que respecto a limpeza da vila, esta previsto e xa se lle dixo o xefe de mantemento, pero están esperando a contratación de xente do PEL, xa que había un montón de traballo atrasado e cando teñan un pouco mais de tempo no mes de setembro empezaran a limpar as rúas.
- Que o control das mascarillas dos peregrinos, e certo que a policía local Eva esta de vacacións, pero díxolle ao auxiliar de policía que lles reclamara que puxeran a mascarilla ao pasar polos núcleos urbáns. Que non está moi de acordo co fincapé que fai a xente nese tema, en ningún concello pasou nada , salvo o caso da peregrina que

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

foi unha irresponsable, non houbo contaxios, pero nos núcleos urbáns deben poñer a mascarilla, non sabe se houbo algún aviso por parte da Xunta porque agora veñen con ela posta.

- Que o centro médico está a espera de haber que pasa co persoal que está na casa gardando uns días de corentena, no caso de que teñan síntomas dende o Concello haberá que reclamar o Sergas para que fagan esas substitucións.
- Respecto a restransmisión pola radio do pleno de hoxe, os plenos de agosto non se retransmitían por vacacións do persoal da radio, e cuestión de prioridades, intentará facelo o antes que poida
- Recopilara e entregaralles os distintos contratos.
- Que non sabe a cantas asociacións se lles aplicou a ordenanza de uso de locais municipais, ata o de agora estíbese a facer sen seguir un procedemento, agora levase o procedemento que marca a ordenanza.

Intervén a secretaria para explicar:

- Que as solicitudes que lle chegaron para uso de locais municipais, ordeou o cumprimento da ordenanza, a ordenanza ten dos tipos de procedemento: un abreviado e outro mais completo, dependendo do tipo de uso.
- Que sería oportuno revisar dita ordenanza, porque é moi complexa para determinados usos, xa que require un informe técnico que as veces non di nada, require unha serie de documentos como un seguro de responsabilidade civil, agora esixese o cumprimento da normativa do Covid. Logo facemos o decreto autorizando o uso e a ordenanza aínda inclúe que se asine unha acta de cesión de uso do local, aínda que co decreto xa se pode entender que queda autorizado o uso neses termos.
- Que aplica a normativa para todos os expedientes que entran, este ano houbo cinco solicitudes.

\* O alcalde explicou:

- Que a ordenanza é complexa, xa que hai que ir por todos os locais xa que todos teñen un uso distinto e son demandados para cousas distintas.
- Que respecto a contratación dun policía local, comentoulle a policía local que xa estaba acabando o prazo de presentación de solicitudes.

Intervén a secretaria para indicar, que lle dixeron que a finais deste ano ou principios do que ven poderían xa ter rematado o proceso de selección de policía local, o que non sabe é ata que punto pode afectar a crise sanitaria o procedemento de selección.

Continúa o alcalde explicando:

- Que o número de solicitudes de obra iniciada no ano 2020 intentara traer a relación o vindeiro pleno ou pasalo antes.

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

---



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

- Que respecto do control das solicitudes que se meten por rexistro, o Sr. Rivadulla Varela debe concretar casos e falaran ca xente que leva o rexistro. Que todo o mundo se esta acostumando as plataformas electrónicas e as veces distribúense as cousas para a persoa que non debe ir.

Volve a intervir a secretaria para indicar:

- Que insiste moito que calquera documento, aínda que non veña electrónicamente sexa escaneado e distribuído, aínda que pode darse algún caso de que un documento se escane e non sexa distribuído, estase traballando niso.

Continúa o alcalde explicando:

- Que con respecto a como está o tema da contratación do asesoramento urbanístico hoxe houbo mesa de contratación para abrir o primeiro sobre e tamén para a obra do céspede do campo de fútbol.

- Que con respecto o pavillón de Santa María, xa estivo o técnico mirando o tema, pero se os concelleiros teñen algunha proposta do que se pode facer alí, gustaríalle sabelo, porque o técnico non o ten moi claro nin el tampouco, e poña o que se poña poderíase empeorar, formigón non, madeira tampouco, decidiuse poñer una sinal de prevención, o técnico esta mirando que medida de seguridade poñer que non sexa máis perigosa.

- Con respecto a previsión cara 2021 da suba do IBI ou taxa, en principio non ten nada previsto respecto diso.

As 22:30 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

Arzúa, asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

O alcalde, José Luis García López	A secretaria, Rebeca Vázquez Vázquez
--------------------------------------	---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)